


Orzamentos **2009**

INFORME DAS
DEPUTACIONS PROVINCIAIS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA

MEMORIA DOS ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE GALICIA

PRESENTACIÓN

O presente informe recolle os orzamentos iniciais das catro deputacións provinciais galegas para o ano 2008, atendendo ao disposto na disposición adicional terceira do Estatuto de Autonomía de Galicia, que establece que os orzamentos das deputacións provinciais galegas uniranse ós da Xunta, dentro do marco xeral de coordinación coas administracións locais de Galicia.

Se presenta unha breve descrición dos orzamentos de ingresos e gastos de cada unha das entidades provinciais, logo dunha reseña sobre o orzamento total das catro deputacións. Reflictese a composición dos orzamentos segundo a clasificación económica.

Así mesmo, se comparan estes cos orzamentos de 2007, para valorar a evolución máis recente.

Xúntase unhas anotacións sobre a estrutura funcional dos gastos, expresiva dos principais destinos dos recursos provinciais.

Finalmente, preséntase a evolución nos últimos sete anos (2002-2008) das variables consideradas como significativas: total dos recursos, ingresos tributarios, gastos de persoal e investimentos.

ÍNDICE

PRESENTACIÓN.....	3
1. INFORME DOS ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE 2008 COA SÚA COMPARACIÓN COS DE 2007.....	5
1.1. INGRESOS	5
1.1.1. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA	14
1.1.2. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO	22
1.1.3. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE.....	31
1.1.4. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	40
1.2 GASTOS.....	49
_ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA	57
_ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO	62
_ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE.....	72
_ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.	77

1. INFORME DOS ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE 2008 COA SÚA COMPARACIÓN COS DE 2007

1.1. INGRESOS

Os datos orzamentarios que nesta memoria se reflicten baséanse nos propios orzamentos aprobados polas deputacións provinciais para o ano 2008, facendo a análise soamente a nivel de orzamento inicial, segundo a estrutura dos orzamentos regulada na Orde do ministerio de Economía de 1989, en base á clasificación económica coa desagregación a nivel de capítulo.

Os orzamentos preséntanse consolidados, é dicir, unha vez descontadas as operacións internas, transferencias, entre a corporación provincial e os Organismos autónomos.

Deputación da Coruña

Orzamento da propia Deputación

Deputación de Lugo, analízase o orzamento resultante da consolidación cos seguintes OO.AA.:

Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social (INLUDES)
Sociedade Urbanística Provincial

Deputación de Ourense, analízase o resultante da consolidación cos seguintes OO.AA.:

Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (INORDE)
Padroado Provincial de Turismo

Deputación de Pontevedra, analízase o resultante da consolidación do da propia deputación cos seguintes OO.AA.:

Escola U. De Enfermería
Instituto para a Promoción e Equipamento de Solo Industrial da Provincia de Pontevedra (IPESPO)
Escola de canteiros
Museo Provincial
Padroado de Turismo
Caixa de anticipos
O.R.A.L.


Cadro nº 1

TOTAL DEPUTACIÓN

PRESUPOSTO DE INGRESOS


CAPÍTULOS	2007		Increm. % Interanual	2008		(Euros)
	IMPORTE	%		IMPORTE	%	
I. Impostos Directos	30.143.641,74	5,3	9,2	32.914.710,74	5,6	
II. Impostos Indirectos	27.995.990,00	5,0	3,9	29.075.402,32	4,9	
III. Taxas e Outros ingresos	21.434.031,77	3,8	55,7	33.381.107,82	5,7	
Ingresos tributarios	79.573.663,51	14,1	19,9	95.371.220,88	16,2	
IV. Transferencias Correntes	356.438.449,49	63,0	4,2	371.298.609,32	63,0	
V. Ingresos Patrimoniais	9.009.820,00	1,6	87,2	16.862.557,65	2,9	
Total Operacións Correntes	445.021.933,00	78,7	8,7	483.532.387,85	82,0	
VI. Alleamento Investimentos Reais	18.451.785,52	3,3	-9,9	16.621.342,09	2,8	
VII. Transferencias de Capital	44.520.247,86	7,9	-13,2	38.622.182,38	6,5	
VIII. Variación Activos Financeiros	2.687.337,24	0,5	3,5	2.782.050,00	0,5	
IX. Variación Pasivos Financeiros	54.775.555,36	9,7	-12,0	48.185.555,36	8,2	
Total Operacións de Capital	120.434.925,98	21,3	-11,8	106.211.129,83	18,0	
TOTAL INGRESOS	565.456.858,98	100,0	4,3	589.743.517,68	100,0	

Gráfico nº 2



Como se reflicte no cadro nº1, o orzamento total das catro deputacións provinciais ascende a 589,7 millóns de euros, o que supón un crecemento interanual do 4,3%. Este resultado prodúcese como consecuencia dos incrementos rexistrados en todos os capítulos das operacións correntes, e o de variación de activos financeiros (VIII), xa que o resto de capítulos de operacións de capital (VI e VII) e o de variación de pasivos financeiros (IX) diminúen respecto de 2007.


Da análise da variación interanual das administracións provinciais sinalar que en todas elas o orzamento de 2008 é maior ca o de 2007, agás o de Pontevedra, provincia na que o orzamento consolidado diminúe nun 7,9%, manifestando as outras corporacións incrementos similares: en torno ao 10% en A Coruña e Lugo e do 8% en Ourense. En síntese, o maior peso das operacións correntes dos orzamentos provinciais prodúcese polos incrementos dos ingresos correntes ao que se une o descenso dos ingresos que nutren as operacións de capital e as financeiras.



A súa estrutura é a seguinte: o 82% **son ingresos de natureza corrente** e o **18% restante son os de capital e financeiros**, o que amosa a diverxencia que se ven de producir nos últimos anos entre estes dous tipos de ingresos. Este maior crecemento das operacións correntes parece querer compensar, en parte, a situación dos ingresos das corporacións provinciais, consecuencia da nova lexislación aplicable, fundamentalmente o R.D. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL). Nesta nova Lei varía substancialmente a composición dos ingresos das entidades locais, sobre

todo debido a supresión parcial do Imposto sobre Actividades económica (IAE) e a maior participación nos tributos do Estado (cesión parcial da recadación territorializada do IVE, IRPF e outros, o fondo complementario de financiamento e a compensación polo descenso de ingresos derivados da reforma do IAE).

En síntese, o maior peso das operacións correntes dos orzamentos provinciais prodúcese polos incrementos dos ingresos correntes ao que se une o descenso dos ingresos que nutren as operacións de capital e as financeiras.




O agregado intermedio de **ingresos tributarios** presenta unha porcentaxe do 16,2% do total de ingresos, o que supón unha revalorización do seu peso porcentual en dous puntos e un importante crecemento do 19,9% respecto a 2007. Entre estes ingresos o de maior importe corresponde ao capítulo III, taxas e outros ingresos, que experimentan un crecemento interanual do 55,7%; lle seguen os impostos directos (capítulo I) e os indirectos (capítulo II). A maior presenza das taxas fronte aos impostos directos é puntual, soamente no caso do orzamento da deputación lucense.

O capítulo IV **Transferencias correntes** é a maior fonte de recursos das facendas provinciais xa que representa o 63% do total dos recursos

consignados nos orzamentos iniciais, sen manifestar variación no seu peso porcentual...

A **apelación ao crédito** para o financiamento de investimentos, capítulo IX segue a ser o segundo capítulo en peso porcentual na estrutura de ingresos dos orzamentos das facendas provinciais galegas, co 8,2%, aínda que manifesta un descenso do 12%, elevándose aos 48,2M€ o total do préstamo que se prevé concertar. O de maior importe é o do orzamento consolidado de Lugo, con 30,2M€; séguelle A Coruña e Pontevedra con operacións de préstamo de importes similares, 8 e 7M€ respectivamente e Ourense con 3M€. As **transferencias de capital** representan o 6,5% do total dos recursos, cunha diminución do 13,2% respecto a 2007, do que se observa que as **Transferencias** (tanto as correntes como as de capital) representan o 69,5% do total de ingresos.

Nos gráficos seguintes, se reflicte a distribución dos orzamentos provinciais de Galicia, mostrando como ven sendo habitual que os orzamentos da Deputación da Coruña seguen a ser os de maior importe, con 197,3M€ e os de Ourense os de menor con 77,6 M€. O orzamento da corporación provincial de Pontevedra, segue a ser o segundo no seu importe, con 161,2M€ aínda que debido a que esta orzamento é o único dos catro que diminúe respecto ao ano anterior, fai que o de Lugo figure cada vez máis preto, con 153,7M€; non debe esquecerse que se trata dos orzamentos iniciais.



O peso do orzamento da Deputación da Coruña ascende ao 34% en 2008, cunha ganancia de tres puntos respecto a 2007, e o de Pontevedra é o 27% do total das catro deputacións, perdendo catro puntos porcentuais, tres que absorbe A Coruña e un que absorbe o de Lugo, co 26% do total das catro. O


orçamento da deputación de Ourense non manifesta variación na súa posición relativa, xa que segue a representar o 13% do importe dos orzamentos das catro deputacións.

Deste xeito verifícase que o importe dos orzamentos provinciais manifestan unha relación directa co tamaño poboacional, ao ser a poboación en datos provisionais a 1/01/2008 de 1.120.058 habitantes na Coruña, seguida por 938.873 na provincia de Pontevedra, amosando moita diferenza o número de habitantes das provincias de Lugo e Ourense con 347.343 habitantes e 328.804 respectivamente.

Se a comparación se fai en termos per cápita, reflíctese con claridade que o orzamento da deputación de Lugo ao dividilo pola súa poboación é a que ten maior importe relativo cun total de ingresos en 2008 de 442,5€ por habitante, o que representa o 43% da media de Galicia, que se sitúa nos 215,6€ por habitante.

Aínda que a poboación da provincia de Ourense non difire moito da de Lugo, o seu orzamento provincial é menor, tamén en relación coa poboación, xa que acada os 236,1€ por habitante, o que representa o 23% da media de Galicia.

Os orzamentos das deputacións provinciais máis poboadas, reflicten en termos per cápita uns valores similares tanto en importe, en torno aos 172 euros por habitante e do peso porcentual respecto da media de Galicia, co 17% ambas as dúas.




A continuación presentase a evolución para as deputacións de Galicia de dúas variables: o total dos orzamentos nos últimos sete anos (2002-2008) e os ingresos tributarios.

TOTAL ORZAMENTO INGRESOS								Millóns de euros	
	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2.008	Incremento total	Incremento interanual medio
A Coruña	147,5	146,1	159,4	160,9	166,8	179,2	197,3	33,7%	5,0%
Lugo	73,2	79,8	102,0	105,3	159,0	139,3	153,7	109,8%	13,1%
Ourense	67,5	75,1	79,1	85,6	77,2	71,8	77,6	15,0%	2,4%
Pontevedra	107,6	114,8	125,1	141,5	145,8	175,1	161,2	49,8%	7,0%
Galicia	395,9	415,8	465,6	493,4	548,9	565,5	589,7	49,0%	6,9%

No que atinxe ao total do orzamento, as deputacións experimentan un crecemento do 49% no conxunto do período mostrando unha senda crecente e continua en termos absolutos, agás a de Ourense que nos tres últimos anos do período situase por baixo do nivel que acadou no ano 2004. En termos de crecemento interanual medio a de Lugo é a que amosa o maior ritmo de crecemento, séguelle a de Pontevedra cun crecemento similar á media, mentres que a da Coruña e Ourense medran cunha intensidade menor.

								Euros por habitante	
	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	Incremento total	Incremento interanual medio
A Coruña	133,2	131,4	142,2	142,9	148,0	158,3	176,1	32,3%	4,8%
Lugo	201,2	220,5	282,9	294,9	446,4	392,4	442,5	120,0%	14,0%
Ourense	195,8	218,4	231,1	252,3	228,2	213,3	236,0	20,6%	3,2%
Pontevedra	117,4	124,8	134,9	151,0	154,8	184,8	171,7	46,2%	6,5%
Galicia	144,8	151,9	169,2	178,8	198,6	204,0	215,6	48,9%	6,9%




No relativo ao orzamento per cápita, obsérvase que, en consonancia coa evolución dos ingresos totais, o orzamento da deputación de Lugo reflicte os maiores valores en euros por habitante; as da Coruña e Pontevedra presentan valores e tendencias similares, agás no ano 2008 na que a de Pontevedra presenta un descenso; por último a de Ourense é a que presenta unha tendencia máis irregular cunha diminución que comeza no ano 2006 e que sitúa o importe no último ano do período nun nivel lixeiramente superior ao acadado no ano 2004.

INGRESOS TRIBUTARIOS								Miles de euros	
	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	Inc.total	Inc. interanual medio
A Coruña	13.031,8	11.700,4	9.197,4	30.127,3	30.470,1	32.101,9	34.601,6	165,5%	17,7%
Lugo	10.828,3	10.895,6	10.361,1	14.863,0	17.435,0	15.058,4	26.206,4	142,0%	15,9%
Ourense	3.804,5	3.903,8	1.517,8	1.930,9	2.562,9	4.197,5	4.058,9	6,7%	1,1%
Pontevedra	9.738,3	11.086,6	11.165,8	23.818,5	25.522,6	28.215,9	30.504,3	213,2%	21,0%
Galicia	37.402,9	37.586,5	32.242,1	70.739,9	75.990,7	79.573,7	95.371,2	155,0%	16,9%

No que respecta aos ingresos tributarios no conxunto do período 2002-2008, as provincias da Coruña e Pontevedra foron as que experimentaron un crecemento máis intenso. En termos absolutos observase que ata o ano 2004 A Coruña, Lugo e Pontevedra presentan valores similares, producíndose no ano 2005 un crecemento moi significativo na Coruña e Pontevedra e no ano 2008 na de Lugo (un 74%). O crecemento dos ingresos tributarios na de Ourense é de moi escasa entidade ao longo do período cun incremento no total do período inferior ao 7% e unha taxa

interanual media dun 1% que contrasta co 155% e o 17% do conxunto das catro deputacións.

Euros por habitante								
	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	Inc. total Inc. interanual medio
A Coruña	11,8	10,5	8,2	26,8	27,0	28,4	30,9	162,7% 17,5%
Lugo	29,7	30,1	28,7	41,6	48,9	42,4	75,4	153,7% 16,8%
Ourense	11,0	11,4	4,4	5,7	7,6	12,5	12,3	11,8% 1,9%
Pontevedra	10,6	12,1	12,0	25,4	27,1	29,8	32,5	205,7% 20,5%
Galicia	13,7	13,7	11,7	25,6	27,5	28,7	34,9	154,8% 16,9%




Cando temos en conta o factor poboación, o caso do orzamento previsto por ingresos tributarios na deputación de Lugo destaca sobre as outras por presentar valores máis elevados en todos os anos do período; o segundo grupo constitúeno as de Pontevedra e a Coruña con valores similares entre si, e por último a de Ourense cos ingresos tributarios per cápita máis baixos.

A continuación analízanse de xeito individual os orzamentos de ingresos de cada unha das deputacións provinciais.


1.1.1. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

O orzamento non esixe o estado de consolidación, e ascende a **197.250.000 €**, representando un incremento do 10,1 % respecto ao exercicio anterior, o que en termos absolutos supuxo un crecemento de 18.024.730€.



A composición da facenda provincial constitúese de ingresos por operacións correntes nun 86%, é dicir 170.337.930€ e o restante 14% son as derivadas de operacións de capital e financeiras, cun importe de 26.912.070€.

Como se aprecia perfectamente no gráfico por sectores as transferencias correntes son a principal fonte de recursos, como no resto das deputacións, superando amplamente a metade do total do orzamento, co 64%. Os ingresos de tipo tributario, impostos e taxas, prezos públicos pola prestación de servizos e outros (capítulos I,II e III) son a segunda fonte de ingresos, representando o 18%; séguelle, en peso relativo, o capítulo VII, a previsión de ingresos por transferencias para o financiamento de investimentos que representa o 9% do total. Os ingresos patrimoniais alcanza o 5% do total; por último, o capítulo IX, a apelación ao crédito presenta un peso porcentual do 4% do total de recursos.




O seguinte cadro recolle a distribución da procedencia dos ingresos totais do orzamento conforme a clasificación económica, así como a súa comparación cos referidos ó exercicio 2007:

Cadro nº 2

DEPUTACIÓN DA CORUÑA
PRESUPOSTO DE INGRESOS

CAPITULOS	2007		Increment. %	2008		(Euros)
	IMPORTE	%	Interanual	IMPORTE	%	
I. Impostos Directos	13.010.120,00	7,3	14,0	14.830.150,00	7,5	
II. Impostos Indirectos	12.964.440,00	7,2	3,5	13.413.950,00	6,8	
III. Taxas e Outros ingresos	6.127.333,00	3,4	3,8	6.357.450,65	3,2	
Ingresos tributarios	32.101.893,00	17,9	7,8	34.601.550,65	17,5	
IV. Transferencias Correntes	119.098.277,00	66,5	5,5	125.651.324,35	63,7	
V. Ingresos Patrimoniais	5.601.730,00	3,1	80,0	10.085.055,00	5,1	
Total Operacións Correntes	156.801.900,00	87,5	8,6	170.337.930,00	86,4	
VI. Alleamento Investimentos Reais	1.500.000,00	0,8	-100,0		0,0	
VII. Transferencias de Capital	10.873.370,00	6,1	68,9	18.362.070,00	9,3	
VIII. Variación Activos Financeiros	550.000,00	0,3	0,0	550.000,00	0,3	
IX. Variación Pasivos Financeiros	9.500.000,00	5,3	-15,8	8.000.000,00	4,1	
Total Operacións de Capital	22.423.370,00	12,5	20,0	26.912.070,00	13,6	
TOTAL INGRESOS	179.225.270,00	100,0	10,1	197.250.000,00	100,0	

Gráfico nº 3



Os ingresos que se prevén derivados das **Operacións Correntes**, acadan un total de 170,3M€, crescendo no seu conxunto un 8,6 %, e representan como xa se indicou o 86% do total dos ingresos previstos para o exercicio. Comprenden estas operacións os seguintes capítulos:

O capítulo I, **Impostos directos** (cun peso no conxunto do 7,5 %) ten unha previsión de ingresos de 14,8M€, o que significa un incremento de 1,8M€ respecto á previsión para 2007 e un 14% en termos porcentuais, incremento que supera ao do conxunto do orzamento. O total da estimación de ingresos deste capítulo está integrado polos procedentes da cesión do I.R.P.F (10,2M€), o que máis medra desde 2007, e polo Imposto sobre actividades económicas (IAE) e do seu recargo (4,6M€).

O capítulo II, **Impostos Indirectos** (cun peso do 6,8 % no conxunto de ingresos), ascende a 13,4M€, presentando en termos relativos un aumento moderado (3.5%), menor ao do conxunto do orzamento, polo que o peso relativo baixa catro décimas. Dentro deste capítulo o maior importe corresponde a previsión de ingreso procedente da cesión por I.V.E, que ascende a 10,2M€, seguido da cesión do Imposto sobre Hidrocarburos con 2M€, e a cesión por labores de tabaco.

O capítulo III, **Taxas e outros ingresos**, contempla uns ingresos de 6,4M€, representando unha contribución á facenda provincial do 3,2%, similar á do exercicio precedente, xa que este capítulo tamén medra en menor proporción (3.8%) que o total de ingresos.

O incremento xustifícase como consecuencia das novas tarifas das Ordenanzas Fiscais e de prezos públicos. No Estado de Ingresos recóllense de xeito pormenorizado as distintas fontes, sendo as máis significativas as taxas pola prestación servizos públicos e pola realización de actividades administrativas, artigo 31, cun importe de 5,8M€, das que as de maior previsión son as taxas relativas ao servizo de recadación provincial cunha estimación de 4M€; lle seguen a longa distancia as taxas por inserción de anuncios no Boletín oficial da provincia e as relativas a subministración de auga e ao sumidoiro do polígono de Sabón.

O conxunto destes primeiros tres capítulos integran o que se coñece como **Ingresos de carácter tributario**, que ascenden a un total de 34.601.551€, e que representan o 17,5% do orzamento de ingresos do ano 2008. Estes ingresos a pesar de ser un 7,8% máis elevados cos do ano anterior, supoñen unha perda de 0,4 puntos no peso no total de ingresos. Esta perda que se produce por terceiro ano consecutivo, parece reflectir a

escaseza de suficiencia de recursos motivada entre outras causas pola supresión parcial do imposto sobre actividades económicas, que non logra compensarse coa participación parcial do erario provincial noutros impostos. O conxunto destes ingresos representan unha presión fiscal, entendida como a contribución directa media por habitante ós orzamentos da Corporación Provincial na Provincia de A Coruña, de 30,9€, catro euros por habitante por debaixo da media do conxunto de Galicia que é de 34,9€ por habitante.

O Capítulo IV, **Transferencias correntes**, prevé uns ingresos de 125,7M€, que representan o 63,7%, do financiamento dos orzamentos provinciais, (sendo pois o capítulo que máis contribúe no conxunto dos ingresos ó igual que no exercicio anterior no que se elevara ó 66,5%), incrementándose respecto daquel nun 5,5% por debaixo da variación do total orzamentario.

O importe estimado neste capítulo corresponde fundamentalmente ós ingresos correntes da Deputación Provincial procedentes da Administración Xeral do Estado por importe de 124,9M€ relativos ó Fondo Complementario de Compensación, 120M€ e á compensación por minguas de ingresos provinciais derivados da reforma do imposto sobre actividades económicas, a previsión das cales é de 3,5M€, que tal como se reflicte na Memoria da presidencia que acompaña aos orzamentos da deputación “ moi distante da recadación previsible polo tributo parcialmente derogado”. E segue a expresar: “ os recursos que a Deputación da Coruña recibirá (da participación nos tributos do Estado) distan moito dos que requiren as competencias que exerce, os servizos que lles presta aos cidadáns e os investimentos necesarios en infraestruturas municipais e provinciais”, polo que urxe acometer as reformas lexislativas necesarias por parte do Estado e das Comunidades autónomas.

O capítulo IV, tamén está composto por transferencias doutras administracións, aínda que en moita menor medida: as transferencias da Xunta de Galicia por importe de 665.432€ con destino ó I.E.S. Puga Ramón, ó I.E.S. Calvo Sotelo e ó Programa de Teleasistencia Domiciliaria, e do exterior por importe inicial de 121.896€.

No capítulo V, os **Ingresos patrimoniais** estímanse 10,1M€ de ingresos, contía superior a do ano anterior nun 80%, manifestando unha ganancia de peso relativo sobre o total de dous puntos: do 3,1% ao 5,1% de 2008, que corresponden fundamentalmente a xuros de depósitos de contas en institucións de crédito.

Os ingresos derivados das **Operacións de Capital** acadan un total de 26,9M€ contribuíndo nun 13,6% no conxunto do erario provincial. Este importe que corresponde ó incremento das transferencias de capital supón un crecemento do 20% en comparación co orzamento do 2007.

Non se consigna orzamento inicial no capítulo VI, **Alleamento de investimentos reais**.


No capítulo VII, **Transferencias de capital** experimentase de novo un crecemento como nos anos anteriores, pasando dos 10,9M€ aos 18,4Me desta anualidade o que resulta un crecemento interanual do 68,9% coa conseguinte suba no peso relativo de dito capítulo, que medrou en máis de tres puntos porcentuais, ata representar o 9,3% do total do orzamento.

Do total de ingresos estimados neste capítulo 3,7M€ corresponden, por un lado, ás aportacións do Estado a diversos plans provinciais de cooperación, fundamentalmente ao Plan de Obras e Servizos e en menor medida ao PDT Ferrol - Ortegal; por outro á Xunta de Galicia por importe de 0,6 M€ con destino ós Plans de Dinamización Turística (Ferrol – Ortegal, Portodemouros e Eume); e finalmente a orixe principal destas transferencias provén do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) que prevé ingresar 14 M€ para programas de desenvolvemento local.


O capítulo VIII, **Variación de activos financeiros** apenas resulta significativo, 550.000€ sen variación, recollendo o reintegro de anticipos de pagas ó persoal.

No capítulo IX, **Variación de pasivos financeiros**, a estimación de ingresos procedentes do endebedamento diminúe respecto a 2007 en 1,5 M€, xa que se consigna un importe de 8 M€ o que manifesta un descenso do 15,8%, cunha correlativa perda de porcentaxe sobre o total de recursos.

A continuación de xeito gráfico se presenta a evolución nos últimos sete anos do orzamento de ingresos da Deputación da Coruña e dos seus ingresos tributarios. O crecemento do orzamento nesta deputación foi constante agás o lixeiro descenso producido en 2003, cun ritmo suave do 5% interanual medio, menor ao incremento experimentado polo conxunto das catro deputacións.




No que respecta á variable en termos por habitante, engadir que os valores que resultan do orzamento da administración provincial da Coruña están por debaixo á media galega.




Se analizamos o conxunto dos ingresos de natureza tributaria, capítulos I, II e III obsérvase unha senda crecente aínda que secuenciada en dous partes: ata 2004 descenden estes ingresos, ano que foi un punto de inflexión a partir do que se observa un crecemento lixeiro en 2005 e continuado a partir dese ano, sendo o crecemento destes ingresos na provincia da

Coruña máis forte que para o total de Galicia. Ao incrementarse en maior proporción que o total dos ingresos este agregado aumenta o seu peso relativo na estrutura do orzamento.



Ao ter en conta a dimensión poboacional, obsérvase que a presión fiscal presenta unha senda similar mentres que os valores son menores en A Coruña que para o conxunto de Galicia, agás en 2005, presentando en 2006 e 2007 valores semellantes.




1.1.2. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO

O orzamento analizado corresponde ó consolidado referido ó da propia Deputación Provincial, o do organismo autónomo Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social (INLUDES) e o da Sociedade Urbanística Provincial, dependente da mesma, logo de restar as transferencias internas. Os orzamentos que integran o orzamento xeral aparecen nivelados en ingresos e gastos.

Os ingresos previstos do orzamento consolidado para o exercicio 2008 ascenden a **153.691.255 €**, distribuídos do seguinte xeito:

Deputación Provincial	119.413.252€
INLUDES	11.971.740€
Soc. Urbanística Provincial	34.800.807€
Total	166.185.799€
Transferencias internas	-12.494.544€
Total orzamento consolidado	153.691.255€

O orzamento xeral ou consolidado en 2007 estaba cifrado en 139.304.965€, o presente aumenta en 14.386.290€, o que supón un incremento interanual porcentual do 10,3%, como consecuencia dun incremento en todos os capítulos excepto nos de transferencias tanto correntes como de capital nos que se produce unha diminución.




A estrutura básica do orzamento para o 2008 da Deputación de Lugo consiste: nun 68% os ingresos son por operacións correntes, mentres que o resto, o 32% son de capital e financeiras. Un ano máis este orzamento é o que presenta menor peso das catro deputacións o agregado de ingresos correntes, alcanzando nas outras proporcións por encima do 80%.

Se descendemos ás variables intermedias de ingresos, tal como se reflicte no gráfico anexo, obsérvase que como no resto dos orzamentos provinciais, o capítulo de maior peso relativo na estrutura de ingresos é o relativo ás **transferencias correntes** (capítulo IV), aínda que é preciso sinalar, que de xeito similar ao baixo peso relativo das operacións correntes, o orzamento da deputación de Lugo caracterízase ou diferénciase das outras por ser a que menor proporción dos seus recursos proceden das transferencias correntes, presentando unha porcentaxe do 49% (nas outras deputacións esta porcentaxe non baixa do 63%), que é así mesmo a porcentaxe que presenta o orzamento conxunto das catro deputacións.

Neste ano a apelación ao crédito, capítulo IX, presenta un importante peso relativo no conxunto dos recursos, estimando que alcanzará o 20% do total do orzamento. Os ingresos tributarios, tanto impostos directos e indirectos como as taxas, prezos públicos e outros ingresos alcanzan o 17% do orzamento.

Así, compróbase que o 86% dos recursos cos que conta a facenda provincial de Lugo os aportan estes capítulos, quedando soamente o 14% restante para o resto: o 5% a ingresar por transferencias de capital, o 7% que aportarán os capítulos de alleamento de investimentos reais e os activos financeiros e o 2% por ingresos patrimoniais.



O seguinte cadro amosa a distribución dos ingresos totais do orzamento consolidado conforme á clasificación económica, comparándoos cos do exercicio 2007:


Cadro nº 3

DEPUTACIÓN DE LUGO

PRESUPUESTO DE INGRESOS

CAPITULOS	2007		Increm. %		2008	
	IMPORTE	%	Interanual		IMPORTE	%
I. Impuestos Directos	3.796.361,74	2,7	18,4		4.494.673,74	2,9
II. Impuestos Indirectos	4.250.080,00	3,1	2,7		4.362.842,32	2,8
III. Tasas e Outros ingresos	7.011.913,60	5,0	147,4		17.348.900,89	11,3
Ingresos tributarios	15.058.355,34	10,8	74,0		26.206.416,95	17,1
IV. Transferencias Correntes	76.799.462,14	55,1	-1,8		75.409.923,53	49,1
V. Ingresos Patrimoniais	886.040,00	0,6	307,3		3.608.402,65	2,3
Total Operacións Correntes	92.743.857,48	66,6	13,5		105.224.743,13	68,5
VI. Alleamento Investimentos Reais	9.448.479,52	6,8	4,2		9.845.252,09	6,4
VII. Transferencias de Capital	10.901.785,08	7,8	-26,6		8.005.704,66	5,2
VIII. Variación Activos Financeiros	385.287,24	0,3	11,6		430.000,00	0,3
IX. Variación Pasivos Financeiros	25.825.555,36	18,5	16,9		30.185.555,36	19,6
Total Operacións de Capital	46.561.107,20	33,4	4,1		48.466.512,11	31,5
TOTAL INGRESOS	139.304.964,68	100,0	10,3		153.691.255,24	100,0

Gráfico nº4



O capítulo I, Impuestos directos, ten unha previsión de ingresos de 4,5 M€, representando o 2,9% do total dos seus recursos, o que supón un

crecemento respecto de 2007 do 18,4%; a contía máis elevada de ingresos neste capítulo corresponde ós procedentes da cesión do IRPF (2.163.431€) seguido polo recargo provincial sobre actividades empresariais (1.422.259€).

O capítulo II, **Impostos Indirectos**, representa o 2,8% do total de recursos cuns ingresos de 4,4M€, prodúcese un incremento do 2,7% respecto do 2007. Neste apartado o maior importe de ingresos procede da cesión IVE que é de 3,2M€. Obsérvase que o peso porcentual do capítulo de impostos indirectos diminúe case na mesma proporción na que se incrementa o peso relativo dos impostos directos, tres décimas perde o capítulo II e dous décimas gana o I, debido á maior evolución á alza que presentou o I, polo que ambos presentan unha porcentaxe similar en torno ao 3%.

Os ingresos correspondentes á cesión de impostos dos capítulos I e II ascenden a case 9 millóns de euros.

O capítulo III, **Taxas e outros ingresos**, prevé uns ingresos de 17,3 M€, producíndose un incremento porcentual interanual importante do 147,4%. Este incremento é debido ao aumento dos ingresos procedentes da taxa por prestación de servizos no Centro Residencial e Rehabilitador “San Rafael”, cun importe de 14,4M€, que, ao igual que acontecía no exercicio anterior, é o apartado que máis contribúe ós ingresos neste capítulo, por parte do INLUDES o seu aporte é de 280.000€.

Os capítulos I, II e III constitúen os **Ingresos Tributarios** que ascenden a 26.206.417€, representando un 17,1% do orzamento de ingresos cun incremento porcentual interanual dun 74%.

O conxunto destes ingresos supoñen unha presión fiscal, entendida como a contribución directa media por habitante ós orzamentos da Corporación Provincial na Provincia de Lugo, de 75,4€ por habitante, a maior de Galicia, case o dobre da media da Comunidade Autónoma (34,9€ por habitante).

O Capítulo IV, **Transferencias correntes**, presenta uns ingresos de 75,4M€ e segue a ser a maior fonte de recursos, cunha porcentaxe sobre o total do orzamento do 49,1% aínda que presenta unha diminución dun 1,8% respecto do exercicio 2007, sendo a deputación na que o peso relativo deste capítulo na estrutura de ingresos é menor, moi alonxado do entorno do 65% en A Coruña e Pontevedra e do 85% na de Ourense.

Os conceptos máis relevantes neste capítulo son a participación nos tributos do Estado por un valor superior ós 74,3M€ e a participación nas apostas

deportivas por 440.000€ no que respecta ao do orzamento da deputación. No orzamento do INLUDES a contía neste capítulo tamén é significativa 6,8M€, dos que á maior achega procede da Deputación 6.421.363,91€ e o resto son achegas do exterior; os 2,4M€ restantes pertencen á Sociedade Urbanística Provincial. Neste capítulo réstanse as transferencias internas por importe de 8.891.364€.

O capítulo V, **Ingresos Patrimoniais**, presenta uns ingresos de 3,6 M€, sendo o capítulo co maior incremento porcentual interanual cun 307,3% que corresponde fundamentalmente, como así se recolle no orzamento da deputación, a xuros de depósitos de contas en institucións de créditos (3.466.382,65€), os restantes 142.020,00€ son do INLUDES, que proceden de xuros de contas e do produto de concesións e aproveitamentos especiais.

Os ingresos totais derivados das **Operacións de Capital** supoñen un total de 48.466.512€, aumentan nun 4,1% respecto do exercicio anterior a pesar de que a porcentaxe respecto do total de recursos diminuíu e pasou do 33,4% ao 31,5%. As variacións nestes ingresos son pouco importantes, comparándoas co orzamento anterior, a maior diferenza está na baixada que se produce nos ingresos procedentes das transferencias de capital que son do 26,6%. A maior fonte de financiamento na estrutura de ingresos por operacións de capital procede do capítulo IX, Variación de pasivos financeiros, cun importe de 30.185.555€.

O capítulo VI, Alleamento de investimentos reais, non presenta cambios significativos respecto a 2007; a previsión é de 9,8M€, moi similar á do orzamento anterior de 9,4M€, cun peso relativo nos orzamentos consolidados para o ano 2008 de 4,2%; estes ingresos proceden na súa totalidade da Sociedade Urbanística Provincial.

O capítulo VII, **Transferencias de capital**, diminúe respecto de 2007, nun 26,6%, estímanse en 8 M€ e representan un 5,2% do total do orzamento de ingresos, como xa se dixo anteriormente, é o único capítulo no que se produce unha baixada. Proceden, no orzamento da deputación, fundamentalmente das aportacións do Estado (3,2M€) e dos concellos (1,9M€) para o POS (Plan Provincial de Obras e Servizos) 2008, e as dos fondos europeos, FEDER, por un importe de 1,5M€. Para o orzamento do INLUDES a contía é de 4,66M€. Este financiamento previsto procede de achegas da deputación (3,3M€), da Administración Xeral da Comunidade Autónoma (0,38M€) e da Unión Europea (FEDER) (0,97M€); os restantes 300.000M€ corresponden á Sociedade Urbanística Provincial. Neste capítulo

tamén hai que descontar as transferencias internas por importe de 3.603.181€.

O capítulo VIII, Variación de Activos financeiros, tampouco presenta un cambio importante respecto a 2007, presenta un peso relativo do 0,3% nos orzamentos consolidados para o ano 2008, o mesmo que no exercicio anterior. Refírese ó reintegro de anticipos de persoal que é de 380.000,00€ para a Deputación e de 50.000,00€ para o INLUDES.

O capítulo IX, Variación de Pasivos Financeiros, no que se recolle o financiamento alleo a longo prazo, presenta unha previsión de pouco máis de 30M€ que supón un 19,6% do total dos ingresos orzamentarios, cun aumento dun 16,9% respecto do orzamento consolidado do exercicio 2007. Esta contía correspóndese co orzamento da Deputación en 8M€ relativos a unha operación de crédito a longo prazo para financiar investimentos, e o resto 22,18 M€ se corresponden co orzamento da Sociedade Urbanística Provincial.

Pódese observar que para o orzamento consolidado de ingresos do 2008 prodúcese respecto do anterior un incremento tanto nos ingresos de natureza corrente como nos de capital. Os ingresos correntes representan un 68,5% do total e os de capital un 31,5% composición máis diverxente que a do exercicio anterior cunhas proporcións de 66,6% e 33,4% respectivamente.


O maior incremento porcentual interanual respecto do exercicio do 2007 prodúcese para os ingresos patrimoniais nun 307,3%, seguido de taxas e outros ingresos cun 147,4%; nas restantes partidas as variacións son menos significativas, unicamente destacar a perda de 26,6% nas transferencias de capital.

A continuación analízase a evolución dos últimos anos respecto a dúas variables: o total dos recursos e os ingresos tributarios.


O importe dos ingresos do orzamento pasou de 73,2M€ no ano 2002 a 153,7M€ no 2008, o que supón un incremento total no período do 109,8% e un incremento interanual do 16%. A traxectoria é de crecemento en tódolos anos excepto no 2007 que presenta unha baixada, e o mesmo que ocorría no ano anterior, a deputación de Lugo é a que tivo un crecemento global e interanual medio máis alto no período considerado.

A continuación analízase a evolución dos últimos anos respecto a dúas variables o total dos recursos e os ingresos tributarios.

O importe dos ingresos do orzamento pasou de 73,2 M€ no ano 2002 a 153,7 M€ no 2008, o que supón un incremento total no período do 109,8% e un incremento interanual do 16%. A traxectoria é de crecemento en tódolos anos excepto no 2007 que presenta unha baixada, e o mesmo que ocorría no ano anterior, a deputación de Lugo é a que tivo un crecemento global e interanual medio máis alto no período considerado.




O seguinte cadro e gráfico reflicten a evolución da relación dos ingresos da Deputación de Lugo coa poboación censada:




Ao engadir a variable poboacional obsérvase que o orzamento de ingresos da Deputación duplicouse pasando de 201,2 en 2002 a 442,5 en 2008, a súa evolución foi de crecemento tódolos anos excepto no 2007 que tivo unha baixada., os valores sitúanse por encima da media de Galicia.

Os ingresos tributarios en 2007 para a Deputación de Lugo supoñen máis do dobre dos estimados no ano 2002, incrementáronse nun 142%, cun crecemento medio anual do 15,9 %. Aínda que a evolución é crecente (excepto no ano 2007 que presenta unha baixada) a recadación para dita deputación é inferior ás recadacións das provincias da Coruña e Pontevedra, estando por debaixo da media de Galicia.



Tendo en conta a variable poboacional, os ingresos tributarios para a Deputación de Lugo son para o ano 2008 de 75,4€ por habitante, prodúcese un gran incremento respecto dos outros anos e sendo, ademais, a deputación que presenta maiores ingresos.




1.1.3. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE


O orzamento analizado corresponde ao consolidado referido ao da propia Deputación Provincial, ao do organismo autónomo Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (INORDE), e ao do Padroado Provincial de Turismo, dependentes da mesma, é dicir, logo de ter en conta as transferencias internas.

Os ingresos previstos do orzamento consolidado para o exercicio 2008 ascenden a un total de 77.613.897€, distribuídos do seguinte xeito:

Deputación Provincial	77.460.000€
INORDE	2.950.444€
Padroado Provincial de Turismo	345.100€
Total	80.755.544€
Transferencias internas	-3.141.647€
Total orzamento consolidado	77.613.897€



A estrutura básica do orzamento consolidado caracterízase por ser a que presenta unha maior proporción dos ingresos de natureza corrente das catro deputacións, alcanzando estes o 92% dos seus recursos, polo que os derivados de operacións de capital e financeiras, soamente supoñen o 8%.

Deputación Ourense. Orzamento Ingresos

A composición dos ingresos ao nivel de agregados intermedios, tal como se reflicte no gráfico adxunto, reflicte de novo o elevado peso dos ingresos correntes, sobre todo tendo en conta que as transferencias correntes, o capítulo IV, por si so xa representa o 86% do total de ingresos. Polo que queda soamente o 14% do total para os demais capítulos. Maniféstase a dependencia clara desta facenda provincial case en exclusiva das transferencias, principalmente do Estado, xa que ademais, xunto coas de capital, alcanzan o 90% dos recursos provinciais. Sen embargo, é preciso destacar que un ano máis segue a ser a única deputación que non consigna o capítulo II, o que conleva a unha falta de homoxeneidade na comparación coas outras.

Así, o 10% restante está composto por ingresos tributarios, cunha porcentaxe do 5%, o crédito externo consignado no capítulo IX, co 4% e os ingresos patrimoniais, co 1% do total.

No que respecta á comparación do orzamento co do ano 2007, en primeiro lugar dicir que o total dos ingresos previstos representa un incremento do 8 % pasando dos 71,8M€ aos 77,6M€. Do total maniféstase que son os ingresos de capital os que medran máis, nun 67,3%, aínda que este crecemento non lles provoca unha subida significativa na estrutura de ingresos, xa que aínda que en 2007 a desproporción entre os derivados de operacións correntes e os de capital era maior, o 95% e o 5%

respectivamente, o peso dos de capital aínda non alcanza o 10% do orzamento.

En xeral obsérvase que os capítulos que manifestan maiores subas desde 2007 son o de ingresos patrimoniais e o de alleamento de investimentos reais, de baixo peso relativo na composición de ingresos nas facendas locais, e de menor porcentaxe nesta na que a marxe do capítulo IV deixa menos espazo aos outros capítulos. Así, reflíctese que o capítulo I, impostos directos, descende nun 10,3% desde 2007 o que lle fai perder sete décimas porcentuais na estrutura de recursos.

No que atinxe ao pormenor do orzamento inicial 2008, o capítulo IV, de transferencias correntes que como xa se dixo é o de maior peso porcentual nas catro deputacións, crece en menor proporción que o total dos recursos, polo que perde tres puntos porcentuais, pasando do 88,2% ao 85,5% actual, e nítrese fundamentalmente pola participación nos tributos do Estado.


As transferencias internas entre a propia deputación e os seus OOAA alcanzan unha cifra importante, 3,1M€ que conforman case na súa totalidade o orzamento destes: así no caso do INORDE prevé ingresos por transferencia da deputación por 2.909.834€ (importe do que agás 100.000€ que corresponden a aportación da deputación para financiamento dun programa Interreg, o resto son para financiar gastos correntes) que lle representa o 98,6% do total dos seus recursos, e no caso do Padroado de turismo, son soamente transferencias correntes que teñen un peso sobre o total dos seus recursos do 38,4%.

A distribución dos ingresos totais do orzamento consolidado conforme a clasificación económica, así como a súa comparación cos referidos ó exercicio 2007, é a que consta nos seguintes cadros:

DEPUTACIÓN DE OURENSE
PRESUPOSTO DE INGRESOS

CAPITULOS	(Euros)				
	2007		Increm. %	2008	
	IMPORTE	%	Interanual	IMPORTE	%
I. Impostos Directos	2.900.000,00	4,0	-10,3	2.600.000,00	3,3
II. Impostos Indirectos	0,00			0,00	
III. Taxas e Outros ingresos	1.297.534,17	1,8	12,4	1.458.945,28	1,9
Ingresos tributarios	4.197.534,17	5,8	-3,3	4.058.945,28	5,2
IV. Transferencias Correntes	63.336.875,35	88,2	4,8	66.396.898,44	85,5
V. Ingresos Patrimoniais	428.100,00	0,6	57,8	675.600,00	0,9
Total Operacións Correntes	67.962.509,52	94,6	4,7	71.131.443,72	91,6
VI. Alleamento Investimentos Reais	2.100,00	0,0	42,9	3.000,00	0,0
VII. Transferencias de Capital	3.722.313,78	5,2	-10,6	3.329.453,72	4,3
VIII. Variación Activos Financeiros	150.000,00	0,2	0,0	150.000,00	0,2
IX. Variación Pasivos Financeiros	0,00		0,0	3.000.000,00	3,9
Total Operacións de Capital	3.874.413,78	5,4	67,3	6.482.453,72	8,4
TOTAL INGRESOS	71.836.923,30	100,0	8,0	77.613.897,44	100,0

Gráfico nº5



Como xa se viu, para o exercicio 2008 a composición da facenda provincial mantén a tendencia do exercicio anterior encanto a que seguen sendo moi superiores os ingresos correntes ós procedentes das operacións de capital, a pesares de pasar dun 94,6% e un 5,4% no 2007, a un 91.6%, e un 8.4% no actual orzamento, dando lugar a unha modificación significativa no peso relativo de cada un dos capítulos de ingresos.

Destacase unha vez mais, que continúa sendo a única deputación na que non figura o capítulo II de impostos indirectos, sen que conste ningunha xustificación relativa a non obtención de ingresos procedentes destes impostos indirectos

O informe da Intervención ao analizar os principais recursos cos que conta a facenda provincial, fai unhas brevísimas referencias onde sinala: “O único imposto provincial (IAE) se prevé por un importe inferior ao exercicio anterior, unha vez observada a evolución do seu rendemento económico, trala supresión parcial do I.A.E”

Os ingresos derivados das **Operacións Correntes**, no seu conxunto crecen un 4,7%, con diferenzas notables segundo o capítulo de que se trate, desde presentar un descenso dun 10,3% no capítulo I, ata ter incremento no capítulo V dun 57,8% con respecto ao ano 2007.

O capítulo I, Impostos Directos ten unha previsión de ingresos de 2,6M€, cun peso no conxunto do 3.3%, cun importe de 300.000€ menos que en 2007.

Non se contempla previsión de ingresos a través do capítulo II, Impostos Indirectos, segundo queda indicado.

O capítulo III, Taxas e outros ingresos, contempla uns ingresos de 1.458.945€, incrementando lixeiramente a súa contribución á facenda provincial ata o 1.9%, moi similar á do exercicio precedente, a pesar de acadar un incremento do 12% con respecto a 2007 Entre outros figuran a estimación de ingresos procedentes dos servizos municipais de recollida de lixo que xestiona a Deputación, por importe de 263.500€, as achegas financeiras para o Teatro Principal, un convenio de servizos sociais (369.500 €), e o aboamento que fan os concellos por materiais que se lles subministran, e por traballos de xestión recadatoria.

Do total previsto, 1.443.945 € corresponden a Deputación, sendo as taxas por prestación de servizos, de xestión e recadación de tributos municipais e

os derivados da utilización das instalacións do Pazo de Deportes, respectivamente, as fontes máis significativas. Completan o total dos ingresos do orzamento consolidado deste capítulo 15.000 € previstos polo INORDE.

O conxunto destes primeiros tres capítulos integran o que se coñece como Ingresos de carácter tributario, ascendendo a un total de 4.058.945€, que representan o 5,2 % do orzamento de ingresos do ano 2008, manifestando un descenso interanual do 3,3 % debido ao descenso dos ingresos do capítulo I. O conxunto destes ingresos supoñen unha presión fiscal, entendida como a contribución directa media por habitante ós orzamentos da Corporación Provincial na Provincia de Ourense, de 12,3 €, a menor de Galicia, moi distante da das restantes provincias e tamén da media da Comunidade Autónoma que é de 34,9 € por habitante.

O Capítulo IV, Transferencias correntes, prevé uns ingresos de 66,4 M€, que representan o 85,5%, da financiamento dos orzamentos Provinciais, incrementándose respecto a 2007 nun 4,8%. Consígnanse neste capítulo fundamentalmente os ingresos correntes procedentes da participación nos tributos do Estado, por importe de 63,5 M€.

No capítulo V, Ingresos Patrimoniais estímase 675.600€ de ingresos, cun peso relativo do 0,9 % do total de ingresos, contía moi superior a do ano anterior, que corresponden fundamentalmente a xuros de depósitos de contas en institucións de crédito, así como do produto das explotacións agropecuarias e do centro ecuestre por importe de 312.000€.

Os ingresos derivados das Operacións de Capital acadan un total de 6,5 M€ contribuíndo nun 8,4% no conxunto do erario provincial. Este agregado manifesta un incremento interanual do 67,3% (contrariamente a 2007 no que houbo un descenso do 75%), que resulta dunha forte diminución das transferencias de capital e da previsión do recurso ó financiamento alleo, como logo se indica na análise dos respectivos capítulos.

O capítulo VI, Alleamento de investimentos reais contempla unha previsión simbólica de 3.000 € tal como se indica na memoria dos orzamentos.


No capítulo VII, Transferencias de capital prevense 3,3M€ que supoñen un 4,3% do total do orzamento de ingresos, acadando unha contía inferior á de 2007 que era de 3,7M€ o que supón un descenso porcentual do 10,6%. Proceden fundamentalmente da Administración do Estado e dos concellos para o plan base de cooperación, en concreto se contemplan case 910.000€

procedentes de entidades locais. Deste total 100.000€ é a transferencia para o financiamento de gastos de capital da deputación ao INORDE.


O capítulo VIII, Variación de Activos financeiros apenas resulta significativo, recollendo o reintegro de anticipos de pagas ó persoal.

No capítulo IX, Variación de Pasivos financeiros, figura unha previsión de endebedamento a longo prazo de 3.000.000€ de préstamos de entes de fóra do sector público, polo que o seu peso porcentual crece ata o 3,9% do total dos recursos.


Se analizamos a evolución do orzamento nos últimos sete anos, obsérvase en primeiro lugar que case non medrou, xa que nestes anos soamente se incrementou en 10M€ o que é soamente o 15% de crecemento total e o 2,4% interanual medio, sendo discontinuo o crecemento xa que en 2006 e 2007 presentou descenso, sen que en 2008 aínda se recuperase a cifra de 2005. Esta traxectoria é distinta da do conxunto das deputacións que presentan un crecemento a maior ritmo.



Ao ter en conta a dimensión poboacional, ao ser Ourense a provincia de menor número de habitantes de Galicia, compénsase este dato, de xeito que no período analizado segue a presentar un orzamento en termos per cápita maior que a media de Galicia, aínda que ao seren a súa evolución á alza menor nos últimos anos os valores se acercan máis.




No que atinxe aos ingresos tributarios a comparación e a súa evolución é diferencial con respecto ás outras deputacións xa que no orzamento desta non consignan a cesión da recadación dos impostos indirectos polo que non resulta homologable.



Nesta variable aínda que ten menor poboación que o resto presenta valores máis baixos debido fundamentalmente ao non consignar o capítulo II.

Ourense.Evolución Orzamentos 2002- 2008. Ingresos Tributarios. Euros per cápita



1.1.4. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

O orzamento da Deputación de Pontevedra que figura neste Informe é o resultante da consolidación cos seus Organismos autónomos logo de ter en conta as transferencias internas.

Os ingresos previstos do orzamento consolidado para o exercicio 2007 ascenden a un total de **161.188.365€**, distribuídos do seguinte xeito:


Deputación Provincial	145.000.000€
Escola Universitaria de Enfermería	429.000€
Inst.promoción e equipamento solo industrial IPESPO	9.800.000€
Escola de Canteiros	827.612€
Museo Provincial	4.210.750€
Padroado de Turismo	3.291.259€
Caixa de Anticipos	2.065.000€
Org. Aut. Xestión recursos locais ORAL	7.336.000€
Total	173.459.621€
Transferencias internas	-12.271.256€
Total orzamento consolidado	161.188.365€

Como se pode apreciar na táboa co estado de consolidación de ingresos, as transferencias internas corresponden a ingresos dos organismos autónomos procedentes da Deputación das que 9.055.746€ corresponden a transferencias correntes e 3.215.510€ a transferencias de capital, distribuídos segundo se reflicte na táboa.


Segundo se desprende do cadro anterior, o financiamento da Escola Universitaria de Enfermería, da Escola de Canteiros, do Museo Provincial e do Padroado de Turismo procede case exclusivamente das aportacións que lles efectúa a Deputación.

Capítulos	Orzamento deputación	Escola universitaria enfermería	Caixa anticipos cooperación	Padroado turismo Rías baixas	Escola canteiros	I.P.E.S.P.O.	Museo provincial	ORAL	total bruto	Transferencias internas	Total consolidado
ESTADO DE INGRESOS											
1. IMPOSTOS DIRECTOS	10.989.887,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	10.989.887,0		10.989.887,0
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	11.298.610,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	11.298.610,0		11.298.610,0
3. TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.640.050,0	79.900,0	500,0	2.000,0	76.100,0	4.010,0	8.251,0	5.405.000,0	8.215.811,0		8.215.811,0
Ingresos tributarios	24.928.547,0	79.900,0	500,0	2.000,0	76.100,0	4.010,0	8.251,0	5.405.000,0	30.504.308,0		30.504.308,0
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	103.602.449,0	344.000,0	40.500,0	3.172.759,0	711.012,0	650.000,0	3.586.499,0	1.150.000,0	113.257.219,0	9.055.746,0	104.201.473,0
transferencias da deputación aos OO.AA		344.000,0	0,0	3.171.759,0	708.000,0	288.990,0	3.392.997,0	1.150.000,0	9.055.746,0		
percentaxe (%)		100,0%	0,0%	100,0%	99,6%	44,5%	94,6%	100,0%	8,0%	0,0%	0,0%
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	1.893.900,0	100,0	24.000,0	3.000,0	2.500,0	295.000,0	25.000,0	250.000,0	2.493.500,0		2.493.500,0
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	130.424.896,0	768.001,0	65.000,0	6.349.519,0	1.497.613,0	1.238.000,4	7.012.747,9	7.955.001,0	155.310.778,4		136.838.271,0
6. ALLEAMENTO INVERSIÓNS REAIS	2.100,0	0,0	0,0	0,0	0,0	6.770.990,0	0,0	0,0	6.773.090,0		6.773.090,0
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	7.832.954,0	5.000,0	600.000,0	113.500,0	32.000,0	2.080.000,0	591.000,0	525.000,0	11.779.454,0	3.215.510,0	8.563.944,0
transferencias da deputación aos OO.AA		5.000,0	600.000,0	113.500,0	32.000,0	1.361.010,0	579.000,0	525.000,0	3.215.510,0		
percentaxe (%)		100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	65,4%	98,0%	100,0%	27,3%	0,0%	0,0%
8. VARIACIÓN ACTIVO FINANCEIRO	240.050,0	0,0	1.400.000,0	0,0	6.000,0	0,0	0,0	6.000,0	1.652.050,0		1.652.050,0
9. VARIACIÓN PASIVO FINANCEIRO	7.000.000,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	7.000.000,0		7.000.000,0
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	15.075.104,0	10.001,0	2.600.001,0	227.001,0	70.001,0	10.212.000,7	1.170.001,0	1.056.001,0	30.420.110,6		24.350.094,0
TOTAL INGRESOS	145.500.000,0	778.002,0	2.665.001,0	6.576.520,0	1.567.614,0	11.450.001,1	8.182.748,9	9.011.002,0	173.459.621,0	12.271.256,0	161.188.365,0

A estrutura básica do orzamento consolidado componse nun 85% de ingresos por operacións correntes e o 15% restante son ingresos por operacións de capital e financeiras.




Ao descender ao nivel de masas intermedias de ingresos obsérvase que as transferencias correntes son a principal fonte de recursos, seguida dos ingresos de carácter tributario, que representan o 19% do total de recursos do orzamento consolidado; as transferencias de capital representan o 6%, menor peso que en anos anteriores. O capítulo VIII de variación de activos financeiros é algo superior que nas outras deputacións, motivado pola existencia do organismo autónomo “Caixa de anticipos de cooperación” o que fai que xunto ao capítulo VI de alleamento de investimentos reais, alcancen o 5% do total do orzamento.



A distribución dos ingresos totais do orzamento consolidado conforme a clasificación económica, así como a súa comparación cos referidos ó exercicio 2007, é a que consta no seguinte cadro:

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA					
PRESUPOSTO DE INGRESOS					
CAPITULOS	2007		Increm. % Interanual	2008	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Impostos Directos	10.437.160,00	6,0	5,3	10.989.887,00	6,8
II. Impostos Indirectos	10.781.470,00	6,2	4,8	11.298.610,00	7,0
III. Taxas e Outros ingresos	6.997.251,00	4,0	17,4	8.215.811,00	5,1
Ingresos tributarios	28.215.881,00	16,1	8,1	30.504.308,00	18,9
IV. Transferencias Correntes	97.203.835,00	55,5	6,8	103.840.463,00	64,4
V. Ingresos Patrimoniais	2.093.950,00	1,2	19,1	2.493.500,00	1,5
Total Operacións Correntes	127.513.666,00	72,8	7,3	136.838.271,00	84,9
VI. Alleamento Investimentos Reais	7.501.206,00	4,3	-9,7	6.773.090,00	4,2
VII. Transferencias de Capital	19.022.779,00	10,9	-53,1	8.924.954,00	5,5
VIII. Variación Activos Financeiros	1.602.050,00	0,9	3,1	1.652.050,00	1,0
IX. Variación Pasivos Financeiros	19.450.000,00	11,1	-64,0	7.000.000,00	4,3
Total Operacións de Capital	47.576.035,00	27,2	-48,8	24.350.094,00	15,1
TOTAL INGRESOS	175.089.701,00	100,0	-7,9	161.188.365,00	100,0



Como se reflicte na táboa, en 2008 se manifesta unha merma do total do orzamento consolidado, con 13.901.336 € menos o que representa unha diminución do 7,9%. Na primeira vista vese que son os ingresos de capital os únicos que experimentan un descenso desde 2007, xa que como iremos concretando no agregado de ingresos derivados por operacións correntes, a tendencia é en todos os capítulos á alza.

Así, os ingresos derivados das **Operacións Correntes** medran no seu conxunto un 7,3% cunha apreciable dispersión segundo o capítulo considerado que vai desde o 4,5,% nos impostos indirectos ata o 19 % nos de carácter patrimonial, sendo especialmente representativos, ó igual que nas restantes deputacións, os ingresos derivados das transferencias correntes que nutren neste caso algo máis da metade do erario provincial, coas especificacións que para cada un se sinalan:

O capítulo I, **Impostos Directos** ten unha previsión de ingresos de 11 M€, cun peso no conxunto do 6,8%, incrementando a súa previsión nun 5,3% respecto a 2007, debido a unha maior estimación pola cesión da recadación correspondente ao IRPF, que ascende a 7,2 M€, o que lle fai incrementar en 8 décimas o seu peso relativo. Neste capítulo tamén se inclúen os ingresos procedentes do recargo do I.A.E, cun importe de 3,8 M€.

O capítulo II, **Impostos Indirectos**, ascende a 11,3 M€, presentando maior peso relativo na estrutura de ingresos que os directos, e mostra unha tendencia similar cun incremento interanual do 4,8% e tamén unha ganancia de 8 décimas na porcentaxe sobre o total, chegando esta ao 7%. Dentro deste capítulo o maior importe corresponde a previsión de ingreso procedente da cesión por I.V.E, cun importe consignado de 8,5M€, xunto á cesión dos outros impostos sobre consumos especiais, nos que ten maior cifra o relativo á cesión do imposto sobre hidrocarburos.

O capítulo III, **Taxas e outros ingresos**, contempla uns ingresos de 8,2 M€, sendo o que manifesta maior crecemento dos tributarios, o 17,4% xa que se incrementou a previsión en 1,2 M€, o que lle permite ganar en peso relativo pasando do 4% de 2007 ao actual 5,1%. A Deputación Provincial fai unhas estimacións totais de 2,4 M€, procedentes de diversas fontes, sendo os importes máis salientables os referidos ós prezos públicos por dirección e inspección de obras, seguidos dos do conxunto das taxas como tal. Os restantes ingresos deste capítulo (5,6 M€) corresponden ós distintos organismos autónomos, pero dun xeito significativo ao da Xestión de Recursos de Entidades Locais (ORAL) con 5,4 M€ referidos á recadación, tanto en voluntaria como en executiva dos tributos municipais.

O conxunto destes primeiros tres capítulos agrúpanse baixo a denominación de *Ingresos de carácter tributario*, ascendendo a un total de 30.504.308 euros, e representan o 18,9 % do orzamento de ingresos, cunha porcentaxe sobre o total de ingresos 2,8 puntos maior que en 2007, ganando peso relativo debido a que creceron , incluso algo máis que o agregado de operacións correntes, e sobre todo pola perda tanto en importe como en peso relativo dos capítulos de transferencias de capital e da apelación ao crédito que xeralmente teñen certa relevancia nas facendas locais.

O conxunto destes ingresos representan unha presión fiscal, entendida como a contribución directa media por habitante ós orzamentos da Corporación Provincial na Provincia de Pontevedra, de 32,5 €, moi similar a media da do conxunto das de Galicia que é de 34,9 € por habitante.

O Capítulo IV, **Transferencias correntes**, prevé uns ingresos de 103,8 M€, que representan o 64,4%, do financiamento dos orzamentos Provinciais (sendo pois o capítulo que máis contribúe no conxunto dos ingresos ó igual que no exercicio anterior, e igual ao reflectido no resto das facendas locais de Galicia), incrementándose respecto a 2007 nun 6,8 %. Tal como queda sinalado, neste capítulo están integrados os ingresos dos distintos organismos autónomos referidos ás transferencias correntes internas da Deputación por importe total de 9.055.746 €, que se compensan ao facer a análise en termos de orzamento consolidado.

O importe estimado neste capítulo corresponde fundamentalmente ós ingresos procedentes da Administración Xeral do Estado en concepto de fondo complementario de financiamento.

No capítulo V.-Ingresos Patrimoniais estímase 2,5 M€ de ingresos, contía superior a do ano anterior nun 19,1 %, e cun peso relativo do 1,5 % do total de ingresos, que corresponden fundamentalmente a xuros de depósitos de contas en institucións de crédito.

Os ingresos derivados das **Operacións de Capital** acadan un total de 24.350.094 € contribuíndo nun 15,1 % no conxunto do erario provincial. Este importe supón como xa se dixo unha rebaixa de case a metade a cifra prevista no orzamento consolidado de 2007, que era de 47,6 M€, polo que sofre unha importante perda de peso porcentual na composición dos recursos da facenda provincial. Neste agregado, salvo o capítulo dedicado aos activos financeiros, os outros tres presentan importantes descensos, como seguidamente se indica:

O capítulo VI, **Alleamento de investimentos reais** contempla unha previsión de 6,8 M€ manifestando unha tendencia á baixa cun descenso interanual do 9,7%, aínda que mantén o seu peso porcentual no conxunto de ingresos, polo que semella estar a consolidar unha importancia relativa xa que os ingresos computados neste capítulo, practicamente na súa totalidade, corresponden ó I.P.E.S.P.O. como produto da venda de parcelas industriais.

No capítulo VII, **Transferencias de capital** é un dos capítulos que fan que esta facenda provincial teña unha compoñente diferencial neste ano, xa que presentan un importante descenso, pasando dos 19M€ en 2007 aos 8,9 M€ en 2008, porcentualmente unha diferenza do 53,1%, que implica unha perda significativa no peso relativo destes ingresos no conxunto de recursos, xa que descenden do 10,9% ao actual 5,5,%. Segundo se reflicte na Memoria, este acusado descenso é debido a eliminación do POL Programa Operativo Local, polo que será de interese coñecer se na execución de dito orzamento ao longo do ano 2008 non haberá algunha nova transferencia que dalgún xeito substitúa á mencionada.

Ao igual que o sinalado no capítulo IV, neste capítulo están integrados os ingresos dos distintos organismos autónomos referidos ás transferencias de capital internas da Deputación por importe total de 3.215.510 €, que se compensan ao facer a análise en termos de orzamento consolidado.


No orzamento da deputación provincial figuran 7.832.954 € que se desagregan principalmente: 3 M€ procedentes da Administración Xeral e 4,8M€. Tamén son salientables as achegas de distintos concellos para o Plan provincial de cooperación, para campos de fútbol para o céspede artificial, entre elas a aportación do de Pontevedra para o “Novo Pasarón”

O capítulo VIII, **Variación de Activos financeiros** recolle unha estimación de 1,7 M€, o único deste agregado que experimenta un incremento, do 3,1%, que maioritariamente corresponden á Caixa de Anticipos, (1,3 M€), sendo os restantes da Deputación Provincial referidos a reintegro de anticipos ó persoal.


No capítulo IX reflíctese a previsión de ingresos procedentes da **Variación de Pasivos Financeiros**, e ao igual que no capítulo VII se manifesta un importante descenso, ao non preverse os investimentos enmarcados no POL, que neste caso fan prever operacións de crédito por importe total de 7M€, o que supón unha perda de peso relativo importante, do 11% en 2007 ao 4,3% do 2008.

Unha vez descrito a grandes trazos o orzamento para o 2008, coñecerase a evolución dos últimos anos respecto a dúas variables significativas: o total dos recursos e os ingresos tributarios.


Como se reflicte na táboa, o orzamento medrou de xeito constante ata o descenso en 2008 xa comentado, cun crecemento total do 49,8% cunha proporción similar á manifestada para o conxunto das catro deputacións, resultando un incremento interanual medio do 8,4%.




No que atinxe aos valores en termos per cápita, a tendencia foi similar, resaltando que os valores que presenta o total do orzamento da Deputación de Pontevedra sitúanse por debaixo dos que reflicte a media de Galicia.



No que respecta aos ingresos tributarios, obsérvase que a traxectoria é máis irregular, presentando incluso un lixeiro descenso para o total das deputación en 2004, manifestando a partir de aí unha maior regularidade ao alza. Esta variable presenta un incremento total do 213% o que resulta unha media do 21% interanual, manifestando nesta perspectiva unha tendencia similar á do conxunto das deputacións.




Se temos en conta a variable poboacional, dicir ademais que a presión fiscal resultante en Pontevedra foi moi preto da media de Galicia, sendo superiores estes valores para Pontevedra soamente en 2004 e 2007.




1.2 GASTOS

O importe do orzamento inicial de gasto sé iguala o de ingresos, 589,7M€ que resultan da suma dos orzamentos das catro deputación e presenta na seguinte estrutura básica de gastos segundo a súa natureza ou clasificación económica: o 53% vai dirixido ao financiamento de operacións correntes e o 47% vai para financiar os investimentos de capital mais os gastos financeiros.




Ao concretar máis, a estrutura de gastos do orzamento das catro deputacións reflicte que os gastos de maior peso relativo son os investimentos, capítulos VI e VII que absorben o 41 % do total de gastos. En segundo lugar figuran os gastos do persoal ao servizo das administracións provinciais, cunha porcentaxe do 24%, seguido polo gasto en bens correntes e servizos, co 17%. Estes tres tipos de gasto representan xa o 82% do total a gastar en 2008 ,e o resto dos capítulos non chegan cada un deles por separado ao 10%.



Desde o punto de vista do orzamento segundo a clasificación funcional dos gastos a estrutura é a seguinte:

O grupo de función 5. Produción de bens de carácter económico e de carácter social son as principais finalidades do orzamento inicial de 2008, absorbendo entre ambas a metade dos gastos, o grupo de función 9. transferencias ás administracións públicas é a terceira finalidade dos orzamentos das deputacións debido fundamentalmente ao financiamento dos organismos autónomos provinciais.

Os servizos de carácter xeral presentan unha porcentaxe do 10,8% respecto do total, situándose en cuarto lugar na prelación de destinos dos gastos, presentando os outros grupos pesos menores ao 10%.




Se analizamos o orzamento total deputacións por capítulos de gasto e a súa comparación co de 2007, reflíctese que o crecemento dos gastos correntes foi maior ao dos de capital e financeiros, o que fixo variar as proporción dos mesmos.

O consignado polo total por operacións correntes ascende a 312 M€ crecendo nun 8% desde 2007, manifestando todos os capítulos incrementos, excepto o relativo aos xuros por operacións de crédito en institucións financeiras. O capítulo de gastos de persoal, é o de maior peso porcentual dentro dos correntes e tamén o que sube en maior proporción, polo que ao incrementarse máis que o total dos recursos gana peso relativo na estruturade gastos.

TOTAL DEPUTACIÓN PRESUPUESTO DE GASTOS					
CAPÍTULOS	2007	%	Increment. %	2008	(Euros)
	IMPORTE		Interanual	IMPORTE	%
I. __Gastos de Persoal	127.464.928,80	22,5	9,9	140.089.122,73	23,8
II. __Compras de Bens Corr. e Servizos	93.249.220,83	16,5	7,2	99.968.606,76	17,0
III. __Intereses	16.628.965,15	2,9	-2,4	16.237.553,53	2,8
IV. __Transferencias Correntes	51.507.613,18	9,1	8,1	55.686.715,69	9,4
__Total Operacións Correntes	288.850.727,96	51,1	8,0	311.981.998,71	52,9
VI. __Investimentos Reais	162.665.055,92	28,8	5,8	172.116.388,00	29,2
VII. __Transferencias de Capital	83.200.383,43	14,7	-13,2	72.232.313,34	12,2
__Investimentos	245.865.439,35	43,5%	-0,6%	244.348.701,34	41,4%
VIII. __Variación Activos Financeiros	4.882.888,44	0,9	86,7	9.116.645,40	1,5
IX. __Variación Pasivos Financeiros	25.857.803,23	4,6	-6,0	24.296.172,23	4,1
__Total Operacións de Capital	276.606.131,02	49,4	0,4	277.761.518,97	47,1
TOTAL GASTOS	565.456.858,98	100,0	4,3	589.743.517,68	100,0

Gráfico nº 8



Os gastos en compra de bens correntes e servizos tamén crece ao comparalo con 2007, aínda que en menor porcentaxe que o anterior, o que non significa que diminúa o seu peso relativo xa que medra máis que o total de gastos.

O capítulo III, os xuros, ao diminuír nun 2,4% baixa nunha décima a súa porcentaxe respecto do total dos gastos. As transferencias correntes, pasan a representar o 9,4% do total dos gastos, ganando máis dun punto porcentual na composición dos gastos, xa que medran de xeito similar ao agregado de gastos correntes e por encima do total.


O agregado de gastos de capital e financeiros ascende aos 277,8 M€ para o total deputacións, sen manifestar variación desde 2007 no seu importe, aínda que isto lle implicou unha diminución da súa porcentaxe no total de gastos, que pasou do 49,4% ao 47,1%. Os capítulos de transferencias de capital e o de variación de pasivos financeiros presentan unha cifras máis baixas que en 2007, como se reflectirá na análise de cada orzamento provincial.

O capítulo VI de investimentos reais, ten un peso relativo na composición dos gastos lixeiramente superior ao de 2007, xa que creceron en máis de nove millóns de euros, é dicir nun 5,8%. Son as transferencias de capital as que semellan baixar máis desde o 2007 xa que dos capítulos que diminúen é o que presentaba a maior porcentaxe e ademais o seu descenso foi máis acusado, cunha porcentaxe do 13,2%, o que lle implica a perda de 2,5 puntos porcentuais na porcentaxe sobre o total de gastos.

O agregado dos *investimentos* case non varía en importe ao comparalo coa cifra de 2007, pero perde peso relativo no conxunto dos gastos, chegando á cifra de 244,3 M€ .


As anualidades das amortizacións pola débeda viva das deputacións diminúe neste ano nun 6% o que lle fai baixar a porcentaxe sobre os gastos totais, debido sobre todo a concertar menor importe por préstamos para o financiamento de investimentos.

A continuación analizarase de xeito moi breve a evolución dos orzamentos dedicados ao pagamento do persoal ao servizo das administracións provinciais e a evolución dos investimentos.




O gasto do capítulo I nestes anos medrou dun xeito continuado reflectindo un incremento interanual medio do 7,9% para o conxunto de Galicia igual ao crecemento do total dos gastos, e o 58,1% total entre os anos extremos do período. Nos orzamentos da deputación de Pontevedra estes gastos son de maior importe e presentaron un incremento máis forte que as outras cunha media interanual do 10,5%, seguida polo incremento medio do 7,9% en Lugo, e do 6,1% e 5,7% respectivamente nas provincias de Ourense e A Coruña.


Ao engadir a variable poboacional obsérvase que os gastos de persoal conforman dous grupos diferenciados: os gastos per cápita nas provincias menos poboadas, Lugo e Ourense, son menores aos das outras dúas presentando sendas similares cada grupo.



Os gastos consignados nos orzamentos iniciais dos últimos sete anos para o financiamento de investimentos, capítulos VI e VII, experimentaron un crecemento menor ao do total de gastos e dos gastos de persoal, reflectindo traxectorias irregulares con altibaixos na senda crecente, que foi do 34,7% para o total deputacións entre os anos extremos do período e do 5,1% medio. Foi a Deputación de Lugo a que reflicte un maior esforzo inversor nestes anos xa que medrou a unha taxa media do 13,6%. Os investimentos consignados nos orzamentos das deputacións de Ourense e Pontevedra medraron a taxas interanuais similares, 4,3% e 4,8% respectivamente, sendo os investimentos no orzamento da Coruña os que reflectiron unha taxa de crecemento menor, o 0,2%.




En termos per cápita, a de Lugo ademais de ser a de maior taxa de crecemento é a que presenta maiores valores de investimentos en euros por habitante en todo o período mantendo certa distancia cos resultados orzamentarios destes capítulos das outras deputacións.




ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

O orzamento de gastos da Deputación da Coruña está composto nun 54% por gastos derivados de operacións correntes e o 46% restante de gastos de capital e financeiros.



Os investimentos, capítulos VI e VII, son o principal destino do orzamento inicial en 2008 cun peso na estrutura orzamentaria do 39%, seguida polos gastos en bens correntes e servizos, co 19% e os gastos de persoal que absorben o 18% dos gastos. Así entre estes tres gastos xa representan o 76% do destino dos gastos.

As transferencias correntes, representan o 14% do total, mentres que os gastos financeiros, tanto a carga derivada dos xuros dos préstamos como polas anualidades das amortizacións previstas que acadan o 8% e os activos financeiros que presentan un peso porcentual do 2%, conforman a composición dos gastos.




A continuación reflíctese o orzamento de gastos de 2008 e a súa comparación co de 2007.

DEPUTACIÓN DA CORUÑA
PRESUPOSTO DE GASTOS

CAPÍTULOS	2007		Increm. % Interanual	2008		(Euros)
	IMPORTE	%		IMPORTE	%	
I. __Gastos de Persoal	33.843.081,00	18,9	7,2	36.288.589,20	18,4	
II. __Compras de Bens Corr. e Servizos	33.585.546,00	18,7	9,4	36.740.540,40	18,6	
III. __Intereses	4.676.671,00	2,6	12,2	5.245.598,00	2,7	
IV. __Transferencias Correntes	27.142.371,00	15,1	0,5	27.285.487,48	13,8	
__Total Operacións Correntes	99.247.669,00	55,4	6,4	105.560.215,08	53,5	
VI. __Investimentos Reais	27.718.532,00	15,5	49,0	41.288.478,00	20,9	
VII. __Transferencias de Capital	40.299.355,00	22,5	-11,6	35.644.600,92	18,1	
__Investimentos	68.017.887,00	38,0%	13,1%	76.933.078,92	39,0%	
VIII. __Variación Activos Financeiros	1.990.198,00	1,1	105,4	4.087.032,00	2,1	
IX. __Variación Pasivos Financeiros	9.969.516,00	5,6	7,0	10.669.674,00	5,4	
__Total Operacións de Capital	79.977.601,00	44,6	14,6	91.689.784,92	46,5	
TOTAL GASTOS	179.225.270,00	100,0	10,1	197.250.000,00	100,0	

Gráfico nº 9



O agregado de operacións correntes medrou en menor proporción que o total de gastos, o que lle implica un menor peso porcentual na composición de gastos, variando dos 99,2M€ en 2007 aos 105,6 M€ en 2008 o que resulta un 6,4% de crecemento. Todos os capítulos deste agregado medran respecto a 2007, aínda que vexamos a continuación a súa comparación particular.

O capítulo II de compra de bens correntes e servizos que é o de maior porcentaxe de entre os deste agregado, reflicte un crecemento lixeiramente inferior ao do total do orzamento que lle fai variar nunha décima soamente a súa porcentaxe na composición dos gastos, con 36,7M€. .

O capítulo I, o de gastos de persoal presenta unha diminución de cinco décimas da súa porcentaxe sobre total de gastos xa que medrou tres puntos por debaixo da taxa de crecemento do total de gastos.

O capítulo dos do agregado de correntes que medrou en maior porcentaxe foi o III, dedicado ao pagamento de xuros dos préstamos, aínda que soamente representa o 2,7% do total.

As transferencias correntes se manteñen aproximadamente na cifra de 2007, en 27,3 M€ cunha perda de peso relativo do 15,1% no 2007 ao 13,8% no 2008. Segundo o seu destino, as máis relevantes son as dirixidas ás entidade locais, principalmente aos concellos, aos que se dirixen 16,4 M€ xunto ás dirixidas ás familias e institucións sen fin de lucro, cunha consignación de 10,7 M€ .

O total por operacións de capital, capítulos VI ao IX, medra en maior porcentaxe que os gastos correntes, cunha taxa do 14,6% polo que varía este total dos 80M€ de 2007 aos 91,7M€ de 2008, incrementando o seu peso relativo do 44,6% ao 46,5% en 2008.

Agás o capítulo de gastos en transferencias de capital, os outros capítulos deste agregado presentan crecementos, cunhas porcentaxes por encima do total para os investimentos reais e para a variación de activos financeiros, sendo menor a taxa de crecemento dos pasivos financeiros.

En concreto os investimentos a desenvolver directamente pola Deputación da Coruña, capítulo VI que é o de maior importe, ascende no orzamento inicial de 2008 aos 41,3M€ presentando unha porcentaxe sobre o total de gastos superior en máis de cinco puntos porcentuais na estrutura de gastos, variando do 15,5% ao actual 20,9%.

Por outra banda, as transferencias deste agregado diminúen nun 11,6% reflectindo un descenso do peso relativo das mesmas na estrutura dos gastos de máis de catro puntos porcentuais, pasando do 22,5% ao 18,1% de 2008, aínda que segue a presentar un importe elevado de 35,6 M€, dirixidos principalmente aos concellos da provincia, aos que se prevé transferir 29,3M€, mentres que ás familias e institucións sen fin de lucro dirixíranse 5,2M€.

Segundo consta na memoria da Presidencia da citada entidade provincial, as principais liñas de investimentos son:

En primeiro lugar os Plans provinciais do exercicio 2008:

CEL. Plan de obras e servizos (POS) 23,2 M€

Rede viaria local 1,8 M€

Programas de desenvolvemento local (FEDER) 20 M€ do eixe de "Desenvolvemento local e urbano", que se concretan nos seguintes proxectos:

Plan Integrado de Seguridade Viaria en Vías Provinciais

Plan de Eficiencia enerxética nos servizos públicos de titularidade municipal

Plan Integral de Protección e aproveitamento de ríos da provincia.

Plan conservación vías provinciais 5 M€

Plan investimento vías provinciais e travesías 2 M€

Total plans 52 M€


Figuran 3,4M€ a transferencias correntes destinadas ao Consorcio Provincial de Prevención e Extinción de Incendios para contribuír á loita contra os seus efectos devastadores tan coñecidos pola sociedade galega. Sinalan ademais o carácter prioritario da asistencia aos municipios da provincia en materias xurídicas, económicas, técnicas e urbanísticas e da modernización administrativa.

O capítulo VIII, experimenta un acusado incremento, dos 1.990.198€ de 2007 aos 4.087.032€ de 2008, polo importe das aportacións patrimoniais con 3.120.000€.

A anualidade 2008 prevista para facer fronte aos préstamos da débeda, se incrementan a menor taxa que o total, permanecendo cun peso porcentual

similar ao de 2007, soamente dous décimas menor, do 5,4% cando era do 5,6%.

Outro punto de vista da análise do gasto consiste en observar a clasificación funcional, que para esta deputación, aporta as seguintes claves :




A maioría do gasto estará destinado á produción de bens públicos de carácter tanto social como económico, xa que absorben as dúas o 43% do total. Seguen as partidas destinadas á seguridade, protección e promoción social e as transferencias ás administracións públicas, neste caso, sobre todo aos concellos, cunha porcentaxe do gasto cada unha delas do 12%.

O 34% do gasto restante diríxese a servizos de carácter xeral (11%) e o resto das finalidades figuran con pesos por debaixo do 10%.


ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO

Os gastos previstos do orzamento consolidado para o exercicio 2008 ascenden a 153.691.255,24€, igual á de ingresos xa que o orzamento xeral aparece nivelado en ingresos e gastos. Como xa figura respecto aos ingresos o orzamento consolidado presenta un aumento do 10,3% pasando de 139.304.965€ no exercicio 2007 a 153.691.255€ no 2008



Igual que ocurría no exercicio 2007 é maior o peso relativo que teñen os gastos correspondentes a operacións de capital con respecto ó total (55%) que os que corresponden ás operacións de natureza corrente (45%), producíndose unha menor diverxencia entre eles respecto dos anteriores. Da estrutura de gastos dende o punto de vista das magnitudes agregadas principais, o orzamento da deputación de Lugo é o que destina en maior proporción os seus gastos aos de capital (investimentos e máis financeiros) das catro deputacións.

A composición dos gastos do orzamento 2008 segundo a clasificación económica (véxase o gráfico anexo), obsérvase en primeiro lugar o esforzo investidor un ano máis, xa que a suma dos capítulos VI e VII, representan case a metade do destino dos recursos do orzamento; o segundo destino dos gastos é o dirixido ao pagamento de gastos de persoal, que representa o 22% do total, sendo os gastos en bens correntes e servizos, capítulo II, o que lle segue, co 13% do seu orzamento. Xa por debaixo do dez por cento, atópanse as transferencias correntes e a carga financeira (suma dos capítulos III e IX) cun mesmo peso relativo do 8%.



A continuación descríbense máis polo miúdo tanto os importe e pesos relativos de cada capítulo, como a súa comparación cos do ano anterior.

O **total de operacións correntes** ascende a 69,8M€, observándose que en todos os capítulos prodúcese un incremento excepto no III, Xuros, que sofre un descenso do 35,7%, mentres que hai que destacar o incremento do 74,1% das transferencias correntes. Destes gastos os de maior contía son os gastos destinados ó pagamento de persoal.

O capítulo I, **Gastos de persoal**, ascenden a 34.372.620€, representa o 22,4% do total do orzamento de gastos cun incremento interanual do 16%, aínda que case non gana peso na estrutura de gastos xa que no exercicio 2007 era do 21,3%. Segundo correspondan á propia deputación ou aos OOAA, vese que 29,4M€ son da deputación e 3,9 M€ e 1,1M€ figuran nos orzamentos do INLUDES e da Sociedade urbanística provincial, respectivamente

O capítulo II, **Compra de bens correntes e servizos**, ascende a 19.650.150€ cun incremento respecto do 2007 de 30,6%. Destes gastos a maioría, 15,8M€, corresponden ó orzamento da Deputación provincial, no que se produce un incremento importante respecto do exercicio 2007. Dito aumento débese fundamentalmente ó gasto previsto relativo aos proxectos europeos “Lugo O2” e “A Lus do Candil”, a enquisa aos concellos, o maior custo na xestión e actualización do IBI nos concellos, a incorporación da


Área de Turismo ao Orzamento da deputación, ao aumento na subfunción de Administración Xeral e a reactivación da xestión no Parque Móbil. Como se reflicte na Memoria e no Informe Económico-Financeiro, 2,5 M€ pertencen ó INLUDES no que se produce tamén un aumento respecto do ano anterior nun 12,6%. Os restantes 1.345.000€ son da Sociedade Urbanística Provincial.

DEPUTACIÓN DE LUGO

PRESUPOSTO DE GASTOS

CAPÍTULOS	2007		Increm. % Interanual	2008		(Euros)
	IMPORTE	%		IMPORTE	%	
I. __Gastos de Persoal	29.625.473,75	21,3	16,0	34.372.620,35	22,4	
II. __Compras de Bens Corr. e Servizos	15.048.815,01	10,8	30,6	19.650.150,28	12,8	
III. __Intereses	5.921.036,15	4,3	-35,7	3.809.618,53	2,5	
IV. __Transferencias Correntes	6.890.469,22	4,9	74,1	11.995.016,40	7,8	
__Total Operacións Correntes	57.485.794,13	41,3	21,5	69.827.405,56	45,4	
VI. __Investimentos Reais	63.490.874,53	45,6	5,9	67.236.539,39	43,7	
VII. __Transferencias de Capital	4.046.282,00	2,9	92,0	7.767.376,79	5,1	
__Investimentos	67.537.156,53	48,5%		75.003.916,18	48,8%	
VIII. __Variación Activos Financeiros	385.277,24	0,3	23,3	475.075,00	0,3	
IX. __Variación Pasivos Financeiros	13.896.736,78	10,0	-39,7	8.384.858,50	5,5	
__Total Operacións de Capital	81.819.170,55	58,7	2,5	83.863.849,68	54,6	
TOTAL GASTOS	139.304.964,68	100,0	10,3	153.691.255,24	100,0	

Gráfico nº 10



Os capítulos I e II forman os gastos de funcionamento, ascenden a 54.022.771€, representando o 35,2% do total de gastos, é dicir unha terceira parte do seu orzamento.

O capítulo III, Xuros, conta con 3.809.619€, é o único capítulo dos de natureza corrente no que se produce unha diminución interanual do 35,7% perdendo tamén peso relativo no total da estrutura dos gastos pasando de 4,3% a 2,5%. Destes gastos case o total 3.016.922,65€ corresponden ó orzamento da Sociedade Urbanística Provincial.

O capítulo IV, Transferencias correntes, ascende a 11.995,016€, incrementándose de xeito acusado cunha porcentaxe do 74,1% e gañando peso porcentual no total dos gastos, aumentando case 3 puntos, que pasa dun 4,9% a un 7,8% no orzamento do 2008. É o único capítulo de natureza corrente no que se descuentan as operacións internas por un importe de 8.891.364€. Case o total do importe corresponde ó orzamento da Deputación Provincial no que este capítulo aumenta respecto do ano anterior, dito aumento deriva fundamentalmente das transferencias na área de Benestar Social, Igualdade e Xuventude, na área de Cultura e Deportes e a incorporación da área de Turismo ó orzamento da Deputación tal como se recolle na Memoria desta.

O total de gastos por **operacións de capital** ascenden a 83.863.850€ cun incremento porcentual anual do 2,4%, sendo este moi inferior o incremento do 21,5% que experimentou o total por operacións correntes. Redúcese o peso relativo destes gastos no total pasando do 58,7% en 2007 ao 54,6% en 2008; o único capítulo que sofre unha baixada porcentual é o IX, Variación de Pasivos Financeiros, cunha merma importante do 39,7%. Tamén dentro destes gastos por operacións de capital encóntrase o capítulo que experimenta maior incremento porcentual que é o VII transferencias de capital cun 92%.

O capítulo VI, Investimentos Reais, perde peso na estrutura dos gastos pasando do 45,6% no 2007 ao 43,7% en 2008 aínda que experimentou un incremento porcentual anual do 5,9%, pasando de 63,5M€ a 67,2M€, o que supón o maior gasto de todo o presuposto. Unha parte importante destes gastos, 40,7M€, o presenta o orzamento da Deputación Provincial, seguido dos 22,5 M€ do orzamento da Sociedade Urbanística Provincial e os 4M€ do INLUDES. No orzamento da Deputación estes gastos derivan fundamentalmente de dotacións orzamentarias novas como os Parques de Bombeiros (3,5M€), a UNED (0,26M€) e o Canon Hidroeléctrico (5M€). No

orçamento de gastos do INLUDES este capítulo é o que experimenta o maior crecemento respecto do 2007 cun incremento do 256,98% pasando de 1,1M€ a 4M€. No orçamento de gastos da Sociedade Urbanística Provincial a contía é de 22,5M€ (os maiores gastos da Sociedade) e, o mesmo que no exercicio anterior, o seu destino principal é para áreas industriais de concellos da provincia coa finalidade de tramitación, adquisición de terreos, urbanización e servizos nas áreas industriais, así como o deber de facer fronte ós gastos derivados da encomenda de xestión das Áreas Verdes, propiedade da Deputación provincial.

O capítulo VII, **Transferencias de capital**, é o de maior crecemento porcentual anual do orçamento cun 92% pasando de 4M€ no 2007 a 7,8M€ no 2008, sen embargo o seu peso na estrutura dos gastos é dun 5,1% (unha das máis baixas porcentaxes) que se incrementa respecto de 2007 que era de 2,9%. É o único capítulo dos de natureza de capital no que se deducen as transferencias internas por importe de 3.603.181€. No orçamento da deputación o aumento que se produce neste capítulo deriva do maior volume de transferencias a concellos e asociacións ou outros entes sen ánimo de lucro desde as distintas áreas da Deputación e a maior aportación ao INLUDES.

No orçamento de gastos do INLUDES estas transferencias aumentan nun 20,79% respecto do ano 2007, destinándose a empresas privadas e a familias e institucións sen fins de lucro.

O agregado intermedio investimentos, formado polos capítulos VI e VII, presenta un incremento respecto do ano anterior: pasa de 67,5M€ a 75M€; sen embargo o peso destes na estrutura dos gastos é practicamente a mesma, un 48,5% no 2007 e un 48,8% no 2008.


O capítulo VIII, **Variación de activos financeiros**, presenta un peso porcentual sobre o total de gastos que segue sendo o mesmo do 2007, dun 0,3%, a pesar de producirse un importante incremento porcentual interanual do 23,3%.

O capítulo IX, **Variación de pasivos financeiros**, experimenta un forte descenso do 39,7% pasando de 13,9M€ en 2007 a 8,4M€ en 2008, diminuíndo tamén o seu peso porcentual na estrutura de gastos: dun 10% no 2007 a un 5,5% no 2008. Dos 8,4M€ deste capítulo 6,8M€ correspóndense ao pagamento das amortizacións dos préstamos a longo prazo do orçamento da Sociedade Urbanística Provincial.

Por tanto, a carga financeira, formada polos capítulos III e IX, representa o 8% do total de gastos do 2008, porcentaxe bastante inferior ao de 2007 que era de 14,3%.


Como complemento da análise anterior, engádesse a distribución do gasto por grupos de función, extraendo as seguintes notas definitorias:

Os grupos de función que maior proporción de gastos presentan son os relativos á produción de bens, tanto de carácter social (grupo 4) como de carácter económico (grupo 5), absorbendo entre os dous máis da metade do orzamento, xa que representan o 54,3% do total, o 27,5% para as infraestruturas básicas e transportes, con 32,3M€ do grupo 5 e 32M€ para os de carácter social, nos que os de benestar comunitario e de cultura son os máis relevantes, con 8,8M€ e 14,9M€ respectivamente. Xa a certa distancia atópanse os gastos agrupados baixo a finalidade de seguridade, protección e promoción social, cunha porcentaxe do 14%, dos que 16M€ se corresponden coa función de seguridade e protección social. Os servizos de carácter xeral e as transferencias ás administracións públicas presentan a mesma proporción co 11%, cun importe de 13 M€.




A continuación analízase a evolución dos últimos anos respecto a dúas variables: gastos de persoal e os investimentos.

Os gastos de persoal manifestan unha traxectoria crecente continuada cun incremento total entre os anos 2002 e 2008 do 57,8% e cun incremento interanual medio do 7,9%, porcentaxes moi similares ás da media de Galicia.




No tocante ós gastos de persoal por habitante a súa traxectoria é crecente pasando de 59,8€ no ano 2002 a 99€ por habitante no 2008, sendo os datos da Deputación de Lugo os máis elevados.




Os gastos consignados nos capítulos VI Investimentos reais e VII Transferencias de capital da deputación de Lugo reflicten un crecemento total do 114,5% no período 2002-2008 cun incremento interanual medio do

13,6%. É nesta deputación onde se produce o maior incremento contrastando co escaso incremento total que se produce na deputación da Coruña que é de 0,9%.




En termos per cápita, igual que ocorría nos anos anteriores, o dato máis alto corresponde a Lugo con 215,9 €/hab., moi por encima da media de Galicia que é de 89,3 €/hab. e que reflicte o forte investimento por parte desta deputación.



ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE


O orzamento consolidado ascende a 77.613.897 euros dos que 77.460.000€ corresponden ao da propia deputación, 2.950.444€ ao Instituto ourensán de desenvolvemento económico, (INORDE), e o Padroado provincial de Turismo consigna 345.100€ cunhas operacións internas totais de 3.141.646 €.

A cifra de total de gastos do orzamento consolidado, incrementase nun 8% respecto a 2007 e presenta unha estrutura de gastos moi diverxente xa que o 73% será o gasto das operacións correntes, e soamente o 24% restante dedicarase a gastos de capital e financeiro.



A nivel de masas intermedias de gastos a composición da facenda provincial de Ourense reflicte que o destino principal dos seus créditos é para o pagamento do persoal, que representa o 36% do total, seguido dos gastos en bens correntes e servizos que absorben o 26% dos créditos. Entre ambos capítulos, I e II presentan máis da metade do total a gastar, co 62% dos créditos, o que reflicte a escasa marxe para o financiamento de investimentos, que absorben o 20% dos gastos. As transferencias correntes representan o 8% do total, cunha porcentaxe similar á carga financeira, xuros e amortizacións polos préstamos a longo prazo, cunha porcentaxe do 7%.

No agregado de **gastos de natureza corrente** observase que presenta un lixeiro descenso, do 2.1 % do total do orzamento, que é xeneralizado para todos os capítulos que compoñen este agregado, agás o de gastos de persoal, que é o único dos correntes que medra.



Os gastos de persoal representan o 36.1% do total do orzamento consolidado cun incremento interanual do 8.8%, manifestando na memoria da presidencia que parte do incremento é motivado pola nova previsión dos gastos de persoal dos servizos de recollida de lixo que xestiona a Deputación.

O capítulo II, Compra de bens correntes e servizos, supón o 26 % do total do presuposto, e diminúe con respecto o 2007 en case 3 M€ .

Os **gastos de funcionamento**, a suma dos capítulos I e II, presentan un peso excesivo na estrutura de gastos do orzamento consolidado, xa que teñen unha porcentaxe do 62% do total de gastos que, a pesar de baixar seis puntos porcentuais con respecto ao 2007, segue sendo superior ao das outras deputacións.


O capítulo III, Xuros derivados das operacións de préstamo diminúe nun 4,5% con respecto o 2007, baixando dun 4% no ano anterior ao 3,5% no 2008, alcanzando unha previsión de 2,7M€.

A s Transferencias correntes tamén descenden con respecto o 2007 pasando de representar o 8,9% no 2007 do seu orzamento consolidado ao 7,7% actual. O total destas no orzamento consolidado ascende a 6M€. Neste capítulo non figuran as da deputación.

DEPUTACIÓN DE OURENSE
PRESUPOSTO DE GASTOS

CAPITULOS	2007		Increm. % Interanual	2008		(Euros)
	IMPORTE	%		IMPORTE	%	
I. __Gastos de Persoal	25.758.006,05	35,9	8,8	28.025.454,18	36,1	
II. __Compras de Bens Corr. e Servizos	23.174.997,82	32,3	-12,7	20.222.200,08	26,1	
III. __Intereses	2.838.666,00	4,0	-4,5	2.710.546,00	3,5	
IV. __Transferencias Correntes	6.399.552,96	8,9	-6,3	5.999.151,81	7,7	
__Total Operacións Correntes	58.171.222,83	81,0	-2,1	56.957.352,07	73,4	
VI. __Investimentos Reais	7.993.837,39	11,1	60,6	12.834.994,61	16,5	
VII. __Transferencias de Capital	3.703.349,43	5,2	-30,2	2.583.822,63	3,3	
__Investimentos	11.697.186,82	16,3%	31,8	15.418.817,24	19,9%	
VIII. __Variación Activos Financeiros	206.013,20	0,3	972,3	2.209.138,40	2,8	
IX. __Variación Pasivos Financeiros	1.762.500,45	2,5	71,8	3.028.589,73	3,9	
__Total Operacións de Capital	13.665.700,47	19,0	51,2	20.656.545,37	26,6	
TOTAL GASTOS	71.836.923,30	100,0	8,0	77.613.897,44	100,0	

Gráfico nº 11



O **agregado de gastos de capital** ascende a 20,7M€, o que reflicte un forte ascenso do 51,2% que fai que este conxunto de gastos suban case sete puntos porcentuais na estrutura orzamentaria de gastos, manifestando incrementos todos os capítulos, agás o de transferencias de capital. O crecemento do capítulo VI, de Investimentos reais que se incrementa en mais de 4,8 M€ con respecto ao ano anterior, xa que pasa dos 8 M€ en 2007 aos 12.8 M€ do orzamento consolidado de 2008, co conseguinte incremento no peso relativo deste capítulo, que pasou de ter unha porcentaxe do 11,1% en 2007 ao 16.5% no 2008; o incremento no cap. VIII Activos Financeiros, que pasou dun peso porcentual do 0,3% na anualidade 2007 a un 2.8% en 2008. Tamén a variación de pasivos financeiros medrou significativamente, variando a porcentaxe sobre o total de gastos do 2,5% en 2007 ao 3,9% actual.


As Transferencias de capital, capítulo VII, é o único capítulo que presenta un descenso interanual, concretamente do 30,2%, pasando a representar o 3.3% do orzamento consolidado. Os 2.6 M€ consignados no orzamento consolidado irán destinados principalmente ás entidades locais con 1,2M€ dos que 0,9M€ irán aos concellos, tanto para as instalacións deportivas, como para o Plan de cooperación provincial nos concellos, e a residencias da terceira idade, e para o INORDE 600.000€, destinando no orzamento inicial 0,6M€ para as transferencias de capital ás familias e institucións sen fin de lucro.

Os Investimentos, agregado intermedio composto polos investimentos reais e as transferencias de capital, ascenden a 15,4 M€ o que representa o 19.9% do total de gastos, experimentando no capítulo VI un incremento importante ao comparalo co ano anterior (60.6%).

O capítulo VIII, de Variación de activos financeiros crece nun 972% con respecto ao 2007, a pesar do que soamente representa o 2.8% do total de gastos, pero supón un incremento superior aos 2M€, debido segundo a memoria da Presidencia da Deputación, a necesidade de dotar o capital da sociedade urbanística provincial, e a previsión para ampliacións de capital de fomento empresarial.


A carga financeira, o capítulo III (Intereses) mailo IX (Pasivos financeiros), experimenta un significativo crecemento que ascende a 3.028.589€, o que supón unha porcentaxe sobre o total dos gastos do 7.4% , e un incremento de 1.132.969€ sobre o ano anterior, debido ó remate do período de carencia da débeda refinanciada no seu día co Banco de Crédito Local.

OURENSE clasificación funcional




ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

O orzamento consolidado de gastos ascende a **161.188.365 €** ao presentarse en equilibrio o orzamento inicial, respondendo á seguinte estrutura básica:



De xeito máis concreto obsérvase que son os Investimentos, tanto os directos, capítulo VI, como os plasmados nas transferencias de capital, capítulo VII, o destino principal dos recursos que case absorbe a metade do orzamento cun 48% do total de gastos. O capítulo dedicado ao pagamento do persoal ao servizo da corporación provincial é o segundo destino dos créditos orzamentarios, cun peso porcentual do 26%, seguido do gasto en bens correntes e servizos co 14% sobre o total. Xa con pesos relativos por debaixo do 10% atópanse tanto as transferencias correntes, a carga financeira e, por último, os activos financeiros.



A continuación figura o estado de consolidación do orzamento provincial co dos OOAA:


CAPÍTULOS	ORZAMENTO DEPUTACIÓN	ESCOLA UNIVERSITAR. DE ENFERMERÍA	CAIXA ANTICIPOS DE COOPERAC.	PATRONATO TURISMO RÍAS BAIXAS	ESCOLA DE CANTEIROS	I.P.E.S.P.O.	MUSEO PROVINCIAL	ORAL	TOTAL BRUTO	DEDUCCIÓN TRANSF.INT.	TOTAL CONSOLIDAD.
	145.500.000,0	429.000,0	2.065.000,0	3.291.259,0	827.612,0	9.800.000,0	4.210.750,0	7.336.000,0	173.459.621,0	12.271.256,0	161.188.365,0
ESTADO DE GASTOS											
I. GASTOS DE PERSOAL	32.889.260,0	381.000,0	51.000,0	756.209,0	340.440,0	97.000,0	2.196.250,0	4.691.300,0	41.402.459,0		41.402.459,0
II. GASTOS DE BENS CORRENTES	17.546.635,0	42.900,0	4.000,0	1.794.450,0	351.081,0	356.000,0	1.363.950,0	1.991.700,0	23.450.716,0		23.450.716,0
III. GASTOS FINANCEIROS	4.200.000,0	100,0	0,0	100,0	91,0	230.000,0	1.500,0	40.000,0	4.471.791,0		4.471.791,0
IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES	18.670.806,0	0,0	0,0	627.000,0	98.000,0	0,0	40.000,0	27.000,0	19.462.806,0	9.055.746,0	10.407.060,0
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	73.306.701,0	424.000,0	55.000,0	3.177.759,0	789.612,0	683.000,0	3.601.700,0	6.750.000,0	88.787.772,0		79.732.026,0
VI. INVESTIMENTOS REAIS	40.335.876,0	5.000,0	0,0	75.500,0	32.000,0	9.117.000,0	571.000,0	525.000,0	50.661.376,0	0,0	50.661.376,0
VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	29.422.023,0	0,0	0,0	30.000,0	0,0	0,0	0,0	0,0	29.452.023,0	3.215.510,0	26.236.513,0
Investimentos	69.757.899,0	5.000,0	0,0	105.500,0	32.000,0	9.117.000,0	571.000,0	525.000,0	80.113.399,0		76.992.889,0
VIII. VARIACIÓN ACTIVO FINANCEIRO	240.400,0	0,0	2.010.000,0	8.000,0	6.000,0	0,0	20.000,0	61.000,0	2.345.400,0		2.345.400,0
IX. VARIACIÓN PASIVO FINANCEIRO	2.195.000,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	18.050,0	0,0	2.213.050,0		2.213.050,0
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	72.193.299,0	5.000,0	2.010.000,0	113.500,0	38.000,0	9.117.000,0	609.050,0	586.000,0	84.671.849,0		81.456.339,0
TOTAL GASTOS	145.500.000,0	429.000,0	2.065.000,0	3.291.259,0	827.612,0	9.800.000,0	4.210.750,0	7.336.000,0	173.459.621,0	12.271.256,0	161.188.365,0

A continuación reflíctese a composición do orzamento de gastos 2008 segundo a clasificación económica e a comparación co ano 2007:

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
PRESUPOSTO DE GASTOS

CAPITULOS	(Euros)			2008	
	2007		Increm. % Interanual	IMPORTE	%
	IMPORTE	%			
I. __Gastos de Persoal	38.238.368,00	21,8	8,3	41.402.459,00	25,7
II. __Compras de Bens Corr. e Servizos	21.439.862,00	12,2	8,9	23.355.716,00	14,5
III. __Intereses	3.192.592,00	1,8	40,1	4.471.791,00	2,8
IV. __Transferencias Correntes	11.075.220,00	6,3	-6,0	10.407.060,00	6,5
__Total Operacións Correntes	73.946.042,00	42,2	7,7	79.637.026,00	49,4
VI. __Investimentos Reais	63.461.812,00	36,2	-20,0	50.756.376,00	31,5
VII. __Transferencias de Capital	35.151.397,00	20,1	-25,4	26.236.513,00	16,3
__Investimentos	98.613.209,00	56,3%	-21,9%	76.992.889,00	47,8%
VIII. __Variación Activos Financeiros	2.301.400,00	1,3	1,9	2.345.400,00	1,5
IX. __Variación Pasivos Financeiros	229.050,00	0,1	866,2	2.213.050,00	1,4
__Total Operacións de Capital	101.143.659,00	57,8	-19,4	81.551.339,00	50,6
TOTAL GASTOS	175.089.701,00	100,0	-7,9	161.188.365,00	100,0

Gráfico nº 12



En primeiro lugar reitérase o feito de presentar un descenso porcentual do 7,9% respecto a 2007, derivado fundamentalmente polo descenso do agregado de gastos de capital, xa que os gastos para o financiamento de operacións correntes presentan un crecemento.

Así, o **total de operacións correntes** ascenden a 79.637.026€ , polo que se incrementaron en algo máis de 5M€, o 7,7%; todos eles agás o de transferencias correntes experimentan aumentos, en torno ao 8% nos dous primeiros, e un acusado incremento o relativo ao pagamento dos xuros polos préstamos concertados, débeda viva da deputación, co 40,1%. O peso porcentual deste agregado na composición dos gastos é maior que en 2007 xa que pasou do 42,2% ao 49,4% actual debido ao descenso do agregado de gastos de capital. Isto implica que todos os capítulos de gasto corrente, vexan incrementada a súa participación no total.

O capítulo I, presenta unha cifra de 41,4M€ cunha suba de catro puntos porcentuais na composición de gastos, pasando do 21,8% en 2007 ao 25,7% en 2008, que teñen a súa orixe fundamentalmente, no incremento do 3% das retribucións máis o correspondente ás pagas extras, a reclasificacións do persoal auxiliar e outros, a creación de novos postos de traballo e a unha maior dotación para contratacións temporais, segundo consta na Memoria da Presidencia.

O importe no capítulo II medrou en 1.915.800€, o 8,9% ata sumar os 23,4M€ do orzamento 2008, cun peso porcentual en dous puntos maior que o do ano anterior, co 14,5%.

O que resulta é que un total de 64. 758.175€ conforman os gastos de funcionamento, capítulos I e máis II, que presentan unha porcentaxe do 40% respecto ao total de gastos e do 81% respecto ao total dos correntes.

Os xuros polos préstamos a pagar na anualidade 2008 ascenden de xeito acusado, como consecuencia do incremento do endebedamento e os tipos de xuro, alcanzando o importe de 4,5 M€, chegando a representar o 2,8% do total, un punto máis que en 2007.

O capítulo IV de transferencias correntes, alcanza un total logo de descontar as transferencias internas, as que a deputación emite aos OOAA, ascende a 10,4 M€, que como se reflicte no cadro do estado de consolidación do orzamento da deputación e dos seus organismos, é o resultado de descontar os 9.055.746 €, dos que 3,2Me e 3,4Me van dirixidos ao Padroado de turismo Rías baixas e ao Museo provincial, 1,15M€ van ao

ORAL, con achegas de menor importe as dirixidas á Escola de enfermaría (344.000 €), escola de canteiros (708.000€) e ao Instituto para a promoción e equipamento do solo industrial da provincia de Pontevedra, IPESPO (288.990 €).

A distribución das transferencias correntes, obviando as dos OAAA, diríxense fundamentalmente a concellos, cun importe de 1,5M€ sobre todo á cooperación con eles e as tarefas de extinción de incendios, tanto directamente aos concellos ou a través de mancomunidades ou consorcios, neste caso de extinción de incendios e cooperación con concellos. As transferencias dirixidas a familias e institucións sen fins de lucro acadan un importe de 5,9 M€ dirixidas tanto a atencións asistenciais (acción social, emprego principalmente) como premios, bolsas e pensións de estudio e investigación, e outras transferencias, concepto no que figura un importe de 4,7ME con partidas tanto de transferencias por convenios e outros nos ámbitos da cultura, da educación (como a UNED), xuventude,..., entre as que destaca unha dotación de 1,5 M€ a clubs e ao deporte base.

No agregado de gastos de capital, figura un importe de 81.551.339 € que absorbe a metade do destino dos créditos, conxunto de gastos que como xa se dixo diminuíron nun 19,4%.

O capítulo VI de investimentos reais, presenta unha previsión de 13 M€ menos que en 2007, cunha perda do peso relativo do 36,2% ao 31,5% do orzamento inicial 2008, manifestando un descenso similar ao agregado no que se sitúa. Segundo consta na Memoria da Presidencia o descenso destas inversións foi debido á eliminación do POL e á finalización dalgúns proxectos plurianuais.

No orzamento consolidado figuran 50,8M€ dos que 40,3Me corresponden a investimentos directos da deputación, e o resto se refire sobre todo ao Instituto para a promoción e equipamento do solo industrial da provincia de Pontevedra, IPESPO, no que o valor dos investimentos ascende a 9,1M€. (288.990 €). Tamén o capítulo de transferencias de capital redúcese significativamente, nun 25% ao comparalo co 2007, sendo o total de transferencias, de 26,2 M€ unha vez descontados os 3,2 M€ aos OAAA. O destino principal das mesmas son as entidades locais da provincia, con 22,3 M€, seguidas das axudas a familias e institucións sen fin de lucro, entre as que están as dirixidas á cooperación coas asociacións veciñais.

O conxunto de investimentos, tanto os directos, capítulo VI como os que levan a cabo principalmente os concellos a través das transferencias, representan case a metade do orzamento de gastos, aínda o acusado descenso, chegando aos 77M€.

Dos investimentos da deputación destaca en primeiro lugar o Plan de estradas provinciais, cunha anualidade de 14M€ no concepto de gasto 612, para o que conta con financiamento procedente de fondos propios, 9M€, das entidades locais un millón, conta con financiamento alleo, por valor de 5M€. Ademais dos investimentos máis relacionados co apoio aos servizos provinciais, sinálanse os investimentos sobre todo nos concellos para instalacións deportivas en xeral, para campos de fútbol de herba artificial, para o “Novo Pasarón”, investimentos específicos para os concellos de Vigo e Pontevedra. Sinalar a aportación ao convenio coa Xunta para estradas, para a variante Pontearnelas, ademais dos relacionados co plan de parques e xardíns.


O capítulo de variación de activos financeiros case non varía desde 2007, representando o 1,5% do orzamento consolidado, que se corresponde na maior parte á xestión de anticipos á cooperación aos concellos que organicamente leva a cabo o organismo autónomo que leva ese nome, tal como se reflicte no cadro de consolidación.

Os pasivos financeiros, no que se consignan as anualidades de amortización da débeda da corporación aumenta considerablemente ao consignar a amortización correspondente a 2008 de parte da débeda viva por finalizar o seu período de carencia, aínda que o peso relativo segue a ser cativo, dun 1,4% no total.

Desde o punto de vista do destino dos recursos segundo as súas finalidades, obsérvase que :


De xeito diferenciador respecto das outras corporacións provinciais o gran peso dos OOAA implica que unha cuarta parte do orzamento provincial vai dirixido ao sostemento dos mesmos, sendo o segundo grupo de función en porcentaxe sobre o total. A produción de bens tanto de carácter social como económico, absorben entre ambas, a metade do orzamento.

O restante 25% distribúese principalmente entre os gastos de servizos de carácter xeral e de regulación económica de sectores produtivos, como se visualiza na gráfica de sectores que se xunta.




Unha vez descritas as grandes liñas do orzamento 2008, vexamos cál foi a evolución nos últimos anos (2002-2008) de dous das variables significativas nos orzamentos das administracións públicas: gastos de persoal e investimentos.

No que atinxe ao capítulo I, obsérvase unha evolución crecente e continua, cun incremento medio interanual maior que o do conxunto das catro deputacións. Este capítulo experimentou un crecemento moi superior ao do total do orzamento, que era do 49,8% e do 8,4% interanual medio, manifestando por conseguinte ganancia do peso relativo na estrutura de gastos.




Se á análise se engade a dimensión poboacional, reflíctese que as tendencias na provincia de Pontevedra e na media de Galicia son similares, oscilando o gasto dos 24,9 euros por habitante en 2002 aos 44,1 de 2008 en todo o período, cun gasto medio do capítulo I por habitante menor ao da media de Galicia.



No tocante á suma dos capítulos VI e VII, Investimentos, a evolución á alza é menor á manifestada para o total do orzamento, sendo en Pontevedra menor que no conxunto das catro deputacións. Esta tendencia foi irregular xa que nos anos 2003, 2006 e en 2008 presenta un volume de investimentos nos seus orzamentos iniciais menores aos dos anteriores

anos. Observando que a tendencia galega tampouco foi constante á alza xa que en 2003 e 2008 tamén tivo un descenso interanual.



O investimento medio por habitante en Galicia foi similar ao ocasionado pola administración provincial de Pontevedra, salvo neste último ano 2008 no que acusou un gran descenso o importe nesta provincia.

